

## DEFENSA DA GLOBALIZACIÓN E DA MUNDIALIZACIÓN DO MERCADO. ENTREVISTA A PAUL KRUGMAN. ESTUDIO BIBLIOGRÁFICO SOBRE AS HIPÓTESES EN XOGO (2ª PARTE)

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 23 abril 1999  
Aceptado: 10 maio 1999

### INTRODUCCIÓN

Este artigo continúa o publicado no número anterior da *Revista Galega de Economía* (vol. 7, núm. 2, 1998, pp. 279-310), co título: "Chamamento dos economistas para saír do pensamento único, da globalización, da mundialización. Estudio bibliográfico sobre as hipóteses en xogo (1ª parte)". Na primeira parte do devandito artigo inclúense entrevistas e numerosas referencias a grupos, autores, publicacións... que, criticando o "pensamento único", o "neoliberalismo" e as súas novas armas como a "globalización", a "mundialización dos mercados", defenden con "novas roupaxes" o vello intervencionismo político.

Nesta segunda parte do traballo damos conta doutras hipóteses en xogo: as que defenden o liberalismo económico a escala internacional, as que defenden a nova fase do desenvolvemento económico relativa á globalización, á mundialización dos mercados. E que, como tódalas fases, esta de finais do milenio formula novos problemas, interrogantes, conflitos, desafíos...

En primeiro lugar, damos conta dunha entrevista co prestixioso economista americano Paul Krugman, publicada en *Le Monde Économie*, do 26 de maio de 1998.

En segundo lugar, traducímo-lo artigo: "Por un cumio sobre a mundialización", de Peter D. Sutherland, presidente do Consello para o Desenvolvemento do Ultramar (The Overseas Development Council, CDO), e de Goldman Sachs International. Foi director xeral do GATT (Acordo Xeral sobre as Tarifas e o Comercio) e comisario europeo; e John W. Sewell, director xeral do CDO.

En terceiro lugar, damos conta de referencias bibliográficas —unha parte delas comentadas— do campo económico, empresarial, xerencial, sociolóxico, político,

antropológico, das relacións internacionais... sobre as hipóteses que poñen en xogo os enfoques liberais e intervencionistas en relación cos asuntos, cos títulos desenvolvidos en ámbolos dous artigos.

## "HAI MÁIS GAÑADORES CA PERDEDORES NA MUNDIALIZACIÓN", ENTREVISTA A PAUL KRUGMAN<sup>1</sup>

Paul Krugman, profesor da Universidade de Stanford (California), investigador do Massachusetts Institute of Technology (MIT), medalla John Bates Clark en 1991 da American Economic Association (premio que outorga esa asociación cada dous anos ó mellor economista de menos de 40 anos), é autor dos seguintes estudos, obras...: *Exchange-Rate Instability* (1989); *Rethinking International Trade* (1990); *La era de las expectativas limitadas* (1991); *Geografía y comercio* (1992); *Inequality and the Political Economy of Eurosclerosis* (1993); *What do we Need to Know About the International Monetary System?* (1993); *Vendiendo prosperidad: sensatez e insensatez económica en una era de expectativas limitadas* (1994); *Desarrollo, geografía y teoría económica* (1995); *Technology, Trade and Factor Prices* (1995); *El internacionalismo "moderno". La economía internacional y las mentiras de la competitividad* (1996); *La organización espontánea de la economía —The Self-Organizing Economy—* (1997); P. Krugman [ed.]: *Strategic Trade Policy and the New International Economics*, 1986; con H. Elhanan: *Market Structure and Foreign Trade: Increasing Returns, Imperfect Competing and the International Economy* (1985); con E.M. Graham: *Foreign Direct Investment in the United States* (1991); con M.H. Miller: *Why Have a Target Zone?* (1992); con A.J. Venables: *Integration, Specialization and Adjustment* (1993); con M. Obstfeld: *Economía Internacional: teoría e política* (1994), etc.

Krugman intervén de forma regular no debate público, pois entende que o economista debe tratar de explicar qué é o que fai, para qué serve, cáles son as súas hipóteses e os seus puntos de vista sobre o que está sucedendo.

Krugman considera que unha das principais funcións do científico social é a de loitar firmemente contra os lugares comúns, os tópicos dominantes, contra o fetichismo da linguaxe, os ungüentos e as receitas máxicas, o esoterismo economicista... Krugman, neste sentido, declarou que cómpre "buscar, escribir ensaios para non-economistas que sexan claros, efectivos e, incluso, divertidos"; que "rexeita o saber convencional sen fundamento científico e que pretende enfrontarse ó futuro cunha razón sen tópicos nin falacias".

Krugman goza de gran prestixio internacional. Vexámo-lo que din del grandes expertos económicos.

C. Fred Bergsten, director do Institute for International Economics: "Paul Krugman é un dos economistas máis creativos e brillantes do mundo hoxe en día.

<sup>1</sup> Catedrático de Economía no Massachusetts Institute of Technology (MIT).

Sitúa acontecementos internos nun contexto internacional e trata con realismo os problemas de política económica ós que actualmente se enfrontan os EE.UU."

Pat Choate, vicepresidente da TRW, Inc.: "En toda a gran variedade de temas económicos —dende a competitividade comercial e industrial ós tipos de cambio e á débeda do terceiro mundo— non hai ninguén máis consistentemente claro, convincente e intuitivo que Paul Krugman, quen podería moi ben se-lo economista máis influente da xeración dos nosos días".

Krugman foi invitado a Galicia polo prestixioso economista español Guillermo de la Dehesa, director do Instituto de Estudios Económicos do Banco Pastor, dende o que vén desenvolvendo unha destacada actividade coa realización de seminarios, xornadas de economía, publicación de traballos de investigación económica sobre a realidade galega, promovendo estudos e informes sobre a economía galega..., do que foi conselleiro-delegado e co que segue vinculado. Krugman deu unha conferencia na Fundación Barrié de la Maza do Banco Pastor na Coruña —fundación que, tamén por iniciativa de Guillermo de la Dehesa, veu organizando conferencias con prestixiosos economistas de ámbito nacional e internacional—.

No marco da celebración da conferencia de Krugman, que tivo lugar en 1998, o economista americano, acompañado de Guillermo de la Dehesa, foi entrevistado polo equipo directivo e económico de *La Voz de Galicia* (entrevista publicada en *La Voz de Galicia* de 16 de xaneiro de 1998).

A continuación, incluímo-la devandita entrevista con Paul Krugman.

P.- Os reveses actuais da liberalización, ¿deben ser tomados en serio?

R.- En materia política, son igual de clarividente ca calquera outro. Constató a emerxencia en política dun movemento antimundialización. Niso hai unha especie de converxencia da dereita e da esquerda, James Goldsmith, Patrick Buchanan... Non sei qué repercusións políticas terá todo isto. Pero é unha realidade e unha ameaza para a mundialización.

Acabo de face-la crítica do libro de Joh Gray: *False Dawn: The Delusions of Global Capitalism* (Londres: Granta Books), —*Falso amencer: a ilusión do capitalismo global*— que fixo moito ruído en Inglaterra, e que é unha crítica de dereitas contra a mundialización. William Greider, que nos EE.UU. é un antimundialista de esquerda, mantén unhas diferencias case imperceptibles con Gray. Todos eles queren deter, queren para-la evolución.

P.- ¿Di vostede, polo tanto, que os conflitos internacionais entre os EE.UU. e Europa, entre os países industriais en xeral, non teñen importancia económica real?

R.- Cómpre distinguir entre a realidade dos conflitos e a percepción que se ten deles. O comercio entre os EE.UU. e Europa é practicamente un xogo no que todos gañan. Case nunca hai perdedores. Como moito, pode haber unha industria que sufra... Isto non lles impide ós políticos e intelectuais imaxinar que hai un conflito... e, daquela, a pantasma pode converterse nunha realidade.

No comercio norte-sur hai verdadeiros perdedores, a mundialización ten un impacto real sobre o traballo non-cualificado. Pero, incluso neste punto, frecuente-

mente é a imaxinación a que substitúe a análise dos verdadeiros conflitos de intereses.

**P.-** ¿Quere dicir vostede que o libre comercio é bo sempre, para todos e en todo momento?

**R.-** Ninguén di isto. Colla vostede os manuais de economía. De entrada, expoñen o modelo teórico de Ricardo, no que o libre comercio é bo para todos. Pero todos engaden inmediatamente, no capítulo seguinte, que dende que se toman en conta as características de cada país, onde o capital e a terra non son utilizados da mesma maneira, daquela o libre comercio producirá rapidamente gañadores e perdedores. Os terratenentes ingleses, no século XIX, opoñíanse á libre importación de cereais, pois sufrían perdas. Sen embargo, as gañancias para o país eran superiores ás perdas dos terratenentes<sup>2</sup>. Dábase un verdadeiro problema de distribución. Sempre hai problemas de distribución dos ingresos, pero máis ben no interior dos países, non entre eles.

Pero isto que acabo de dicir é verdade en tódolos campos, e o comercio non se ve máis desfavorecido có resto. Incluso podemos esperar que os gañadores sexan máis numerosos có perdedores. O comercio non é un xogo de suma cero.

**P.-** Pero, ¿acaso o libre comercio non é, sobre todo, unha ideoloxía, dado que o que verdadeiramente queren tódolos estados é protexer-los seus mercados?

**R.-** Sería un erro ser cínico neste asunto e dicir que todo o mundo aparenta, finxe practicalo libre comercio. As políticas comerciais están máis próximas do verdadeiro libre comercio do que se imaxina xeralmente.

¿Que hai verdadeiramente tralo proteccionismo americano? Nós protexémo-lo téxtil máis ca ningún outro sector e protexemos tamén o sector azucreiro, pero todo iso non representa unha gran cousa no conxunto da nosa economía<sup>3</sup>. A isto

<sup>2</sup> N.T.: Moi interesante observación de Krugman que se refire ó que en socioloxía podíamos denominar como a análise dos espazos posicionais dos axentes e grupos en xogo. Trátase de analiza-las estratexias que desencadenan os axentes e os grupos sociais, os países..., para defender, na práctica real, os seus intereses, os seus espazos posicionais. Isto levarano sempre a cabo con grandes proclamacións, sempre o xustificarán en nome de ideoloxías varias, de nobles intereses: a patria, a nación, o mundo, a xustiza, a ética, a virtude, a igualdade, a liberdade, a fraternidade, a solidariedade, a transformación, o humanismo, os valores familiares...

<sup>3</sup> N.T.: Isto non é o que pensa a Comisión Económica para América latina y el Caribe (CEPAL), con sede en Chile. *La Gaceta de los Negocios*, o xoves 23 de xullo de 1998, p. 12, daba o seguinte titular: "La CEPAL denuncia las trabas "intimidantes" de EE.UU. a los productos latinoamericanos". Este artigo, asinado por Myriam Zapata, di: "Washington no parece hacer gala de su tremendo interés por liberalizar el mercado mundial en la era de la globalización. Exportar a Estados Unidos se ha convertido en una "tarea intimidante", segundo o último informe da CEPAL. Máis de 44.000 autoridades federais, estatais e locais aplican 89.000 normas para produtos dentro da súa xurisdicción, polo que acceder ó mercado estadounidense "es un proceso caro y engorroso que puede llevar años", indica o informe. Os aranceis non constitúen a barreira principal para as exportacións latinoamericanas, xa que case o 70% de tódolos envíos ingresaron o ano pasado libres de impostos. A CEPAL apunta que son as medidas antidumping e os dereitos compensatorios os que protagonizaron a restricción das importacións. Só en 1997 puxéronse en práctica 16 novas accións relacionadas con medidas antidumping e dereitos compensatorios, tres das cales afectaron a países latinoamericanos, que decidiron negociar acordos de restricción de exportacións para evitaren penalizacións. Durante varios anos, EE.UU. mantivo estes acordos con Brasil, Venezuela, México e Trinidad Tobago que, ó expirar en 1992, orixinaron unha serie de reclamos antidumping por parte da industria do aceiro norteamericano. En canto ás normas e requisitos do gran mercado estadounidense, a CEPAL afirma que o seu amplo número complica a situación e advirte que estas barreiras "tomaron a forma de protección". Esa mesma protección que Washington intenta desfacer no resto do mercado mundial.

cómpre engadi-las barreiras, os despropósitos e os diversos conflitos comerciais nos que se meten os EE.UU.

En total, e despois de todo isto, o prezo do consumo só aumenta a penas un cuarto de punto atribuído ás barreiras no sector téxtil, e non aumenta practicamente nada no resto dos sectores. De feito, a lista de sectores protexidos no mundo é bastante curta: a confección, a agricultura en Europa e no Xapón, e a aviación comercial en Europa. Estamos bastante preto do libre comercio, sorprendentemente preto. E isto non resulta dunha ideoloxía ou dunha boa comprensión da teoría económica senón dun sentimento difuso xeral de que o libre comercio é unha boa cousa.

**P.-** ¿Pode correrse o risco dunha onda de proteccionismo?

**R.-** Pódese. O problema da teoría do libre comercio presentada polos economistas reside en que esta é contraria á intuición. Esixe unha ampla reflexión<sup>4</sup>. O consenso ó seu favor foi grande, pero o problema é que nunca gozou dun apoio moi forte, incluso dentro das elites. En calquera caso, o consenso vese protexido e mantense polos éxitos económicos. Pero se a situación se deteriora, este podería desmoronarse, apagarse facilmente.

**P.-** ¿En que casos?

**R.-** Se os EE.UU. sofren simultaneamente unha recesión e unha forte agravación do seu déficit comercial, o libre comercio podería verse ameazado. Nos anos 80, o déficit comercial era enorme, pero o crecemento era forte. Despois, a comezos dos 90, tivemos unha recesión, pero o déficit reducírase. Hoxe, o déficit comeza a medrar nun ambiente de euforia económica. Estamos encamiñándonos cara a un inchazón dos déficit nos anos próximos. Chegados a este punto, abondaría un bo crack da bolsa...

Os políticos estanse preparando para isto: Pat Buchanan —un dos candidatos do Partido Republicano norteamericano—, cunha versión dulcificada, e Richard Gephardt —un dos candidatos do Partido Demócrata—. Buchanan presentouse cun programa claramente proteccionista en 1996. Non chegou moi lonxe, pero en épocas de forte crecemento económico os electores non están moi descontentos. Se Europa sufrise proximamente unha recesión, se os electores constatasen que a unión monetaria non fose tan ben como se esperaba, o libre comercio podería sufrir un revés, dado que en varios países europeos hai diversas variantes do proteccionismo conservador.

**P.-** ¿Prevé vostede un crack bolsista?

**R.-** O crecemento actual do mercado bolsista non é lóxico. Habería que ver se un crack da bolsa daría lugar a unha recesión. Alan Greenspan —presidente da Reserva Federal, a institución norteamericana equivalente ós bancos centrais europeos— está encargado dunha misión moi difícil, a situación é imprevisible. Non teríamos necesariamente unha depresión, senón unha recesión como a de comezos dos anos 90 que, vista cunha certa perspectiva, non foi tan severa.

<sup>4</sup> N.T.: Os medios de comunicación de masas de finais do século XX, coa choiva permanente de información baseada no show, no espectáculo que lanzan, están polo impacto mediático instantáneo e non por promover a reflexión.

Pode suceder que os dous partidos políticos americanos promovan candidatos que non son favorables ó libre comercio. Alguén que dixese ser favorable ó libre comercio, ó mantemento dos valores sociais e que, á vez, se pronunciase en favor de América ante todo: *America first*.

No transcurso dunha elección sempre se pode da-lo risco de que alguén queira inclina-lo péndulo contra a mundialización. Pat Buchanan, como John Gray, din ámbolos dous que queren loitar contra a mundialización, co fin de defende-la familia. Isto ten unha forte carga emocional e supón unha ameaza para a mundialización. A historia entre as dúas guerras mostrou que a mundialización non é inexorable. A tecnoloxía faina posible, pero non necesaria. A política implica sempre a posibilidade de freala, de detela<sup>5</sup>.

### POR UN CUMIO SOBRE A MUNDIALIZACIÓN: OS QUE QUEREN LEVANTAR BARREIRAS Ó COMERCIO E ÓS INVESTIMENTOS PARA TRATAR DE ATOPA-LA ANTIGA INDEPENDENCIA PERDIDA CONFUNDEN A CAUSA E O EFECTO

A continuación, reproducímo-lo artigo citado anteriormente de Peter D. Sutherland e John W. Sewell, que foi difundido nos foros económicos máis importantes do mundo, e publicado durante o ano 1998 nos principais países occidentais no marco do debate internacional sobre a globalización e a mundialización dos mercados: "Por un cumio sobre a mundialización: os que queren levantar barreiras ó comercio e ós investimentos para tratar de atopa-la antiga independencia perdida confunden a causa e o efecto". Estes autores din e propoñen: "*Chegou a hora de repensar con seriedade a maneira en que as institucións internacionais e os dirixentes nacionais lles fan fronte ás tensións e ós problemas creados pola mundialización*"<sup>6</sup>. A crise económica en Asia mostra que as accións *ad hoc* do Fondo Monetario Internacional e do Banco Mundial son, por definición, medidas illadas, temporais, frecuentemente necesarias e eficaces.

No seo do Consello para o Desenvolvemento de Ultramar (CDO), pensamos que só un cumio coidadosamente preparado sobre a mundialización pode abri-la

<sup>5</sup> N.T.: En situacións de crise, de graves problemas sociais, de graves ameazas socioeconómicas para amplos colectivos, para amplos sectores sociais, o electorado pode agarrarse a un cravo ardendo, pode inclinarse por saídas populistas, nacionalistas... moi perigosas e conflictivas. Tivo lugar en 1999 en Venezuela e pouco antes en Serbia (Iugoslavia) e noutros países con moi graves problemas económicos e sociais.

<sup>6</sup> N.T.: Que fagan fronte ós problemas que presenta a mundialización a escala económica pero tamén política, a escala da nova orde política, económica e social internacional. Problemas como os do racismo e a xenofobia, o xurdimento de novos e violentos populismos, fundamentalismos, nacionalismos, fanatismos; a inoperancia das Nacións Unidas ante as grandes masacres, as grandes migracións, as grandes deportacións que veñen tendo lugar en Europa, en África, en Asia...; o problema da corrupción internacional, nacional, local, do narcotráfico, o tráfico de armas, o branqueo do diñeiro contando con grandes expertos, nichos, agochos, paraísos fiscais e zonas de desembarco...; o problema das novas e moi poderosas e sofisticadas mafias...

vía á toma de medidas no longo prazo, que son as que anticiparán e impedirán as crises vindeiras.

O cumio do G8<sup>7</sup>, que terá lugar o próximo ano en Alemaña, debería programar un encontro desta natureza. Francia, polos lazos históricos que ten cos países en vía de desenvolvemento, ten un papel maior na promoción deste evento<sup>8</sup>. É dicir, Francia —a Francia de Chirac e Mitterrand— actuou desa forma co fin de salvagarda-los seus intereses económicos e xeoestratéxicos na zona. Outro tanto fixeron Alemaña e o resto dos países europeos, occidentais e orientais, no estoupido violento de Iugoslavia, no que consideran a súa zona de influencia. E qué dicir dos EE.UU., que apoiaron, onte e hoxe, os peores réximes dictatoriais, tiránicos, sanguentos..., réximes asoballadores que sistematicamente incumpriron as resolucións das Nacións Unidas.

Os EE.UU., o país máis poderoso do mundo, e mailo resto dos países do G8 —e os que se lles unan— como non "cambien o *chip*", como non cambien de criterio á hora de actuar internacionalmente pensando unicamente nos seus mesquiños intereses, é igual que celebren novos cumios, que cren novos foros, fagan novos manifestos, redacten e aproben novas declaracións universais de dereitos... Véxanse, tamén: Bogoumil Jewsiewichi Dr. (1999): "Disciplines et déchirures. Les formes da violence", *Cahiers d'Études Africaines*, núm. 150-152, (abril). Importante traballo que dá conta dunha serie de estudos que analizan as violencias e os estragos do continente africano; C. Taibo<sup>9</sup> (1999): *Las transiciones en la Europa central e oriental. ¿Copias de papel carbón?* Los Libros de la Catarata. Serie Desarrollo y Cooperación, en colaboración coa Universidade Complutense; P. Canaes e Br. Cabanes (1999): *Passions albanaises. De Berisha au Kosovo*. Odile Jacob; Miletitch, N. (1998): *Trafics et crimes dans les balkans*. PUF. (Di o autor Nicolas Miletitch: "*Non é casual que os países máis implicados na criminalidade organizada sexan os que se viron máis tocados pola guerra civil, o caos, a anarquía ou unha situación económica particularmente dramática, a saber: as repúblicas da ex-Iugoslavia, Albania, Bulgaria*". O autor presenta os Balcáns como unha zona

<sup>7</sup> N.T.: Lembremos que coa crise de Kosovo o presidente ruso propuxo unha reunión do G8, é dicir, dos países máis ricos do mundo: EE.UU, Alemaña, Xapón, Inglaterra, Francia, Italia, Canadá, ós que se lles engadiría Rusia.

<sup>8</sup> N.T.: Sen embargo, acaba de publicarse en abril de 1999, baixo a responsabilidade maior e coordinación da investigadora norteamericana Alison Desforges da Federación Internacional de Dereitos do Home e do Human Rights Watch, o voluminoso e documentado informe de 900 páxinas *Aucun témoin ne doit survivre. Le génocide au Rwanda (Ningunha testemuña debe sobrevivir. O xenocidio de Ruanda)*, Khartala. Este informe, que lle levou á autora xunto a outros investigadores máis de 4 anos de investigacións, nos que consultaron vítimas e verdugos, pon de manifesto que ese xenocidio, que provocou medio millón de mortos, foi deliberado, premeditado e a súa preparación foi coñecida pola comunidade internacional. Demostra que non foi o estoupido de odios tribais senón a vontade consciente dunha elite política. Din máis os seus autores e moito máis grave aínda, isto é, que esta brutal matanza, que o seu desencadenamento, puido ser evitado pero os gobernos estranxeiros e, moi especialmente, o francés non o fixeron, non fixeron nada para detela. Incluso, din os autores, que Parós ó recoñece-lo poder dos hutus é un dos responsables desa masacre, pois a lexitimación dese réxime foi un factor importante da participación da poboación nas matanzas que bautizaron como de "autodefensa".

<sup>9</sup> Carlos Taibo é profesor de ciencia política e director do programa de estudos rusos da Universidade Autónoma de Madrid.

terrorífica á marxe da lei, un espacio de non-dereito, assolada polo tráfico de armas, a droga, a documentación ilegal, sociedades pantalla, o contrabando, os coches roubados, o branqueo de cartos, a trata de brancas, a explotación de nenos e mailo tráfico de órganos. A policía occidental calcula que entre o 80% e o 90% da heroína que entra en Europa occidental procede da ruta dos Balcáns).

Actualmente estamos comezando a sentir tódolos efectos da mundialización, desta revolución do comercio, os investimentos e os cambios tecnolóxicos, que un día levanta unha economía e ó día seguinte a tumba.

Globalmente, os efectos da mundialización son máis benéficos. O comercio mundial, estimulado por unha liberalización sen precedentes, continúa medrando máis rápido cá produción económica a escala planetaria, o que dá lugar a unha produtividade e a unha eficacia creadoras de millóns de empregos. Aínda máis impresionante é a progresión dos investimentos a escala internacional destinados á creación de autoestradas, aeroportos e fábricas nos países pobres.

Nos anos 90, os investidores estranxeiros destinaron 1000 millóns de dólares ós países en vías de desenvolvemento. Este comercio e estes investimentos elevan o nivel de vida de determinadas nacións tan rápido que moitos non o crían posible.

Pero se a mundialización aumenta o nivel de vida de numerosas rexións, ó tempo vólveas máis vulnerables á volatilidade dos capitais, fai máis dura a vida ós que lles molestan os cambios e ameaza con deixar tras si, e bastante lonxe, unha parte do mundo.

Non é un azar que os decepcionantes resultados económicos da maioría da África subsahariana teñan lugar cando o comercio e os investimentos van con atraso nestes países.

O primeiro desafío da mundialización está en asegurar un reparto dos beneficios para todos. A maioría das previsións indican que o crecemento económico continuará retardándose no mundo desenvolvido, e que a expansión dos mercados nos países en vías de desenvolvemento debe continuar mellorando o seu nivel de vida. Catro mil millóns de homes e mulleres viven con menos de 1500 dólares (225.000 pesetas por ano). A mundialización pode facerlles saír da pobreza e introducirlos no mercado<sup>10</sup>.

<sup>10</sup> N.T.: Haberá que ver en qué mercado se introducen. Así, se tomámo-lo caso do estoupido da URSS e o seu acceso ó mercado, vemos que se trata dun mercado controlado por mafiosos. Se agora tomámo-lo mercado dos países máis ou menos fundamentalistas, tanto dos máis ricos como dos máis pobres, vemos que ese mercado está baixo o control de réximes autoritarios, tiránicos, medievais, corruptos, clientelares. Se agora collemos países democráticos da área europea occidental ou da área latinoamericana, vemos que o mercado se desenvolve, en bastantes casos, no marco dunha competencia clientelar, dunha competencia sen principios, no marco dun xogo sucio e amañado onde a politiquería, o corporativismo, o proteccionismo e o funcionarismo, onde a corrupción, o branqueo, os tráficoos ilegais..., onde os cazadores de rendas, de subvencións... teñen bastante peso. Se agora collemo-los EE.UU., vemos que por mante-lo seu liderado político, económico e cultural está disposto a apoiar ata ós "talibáns" e que o seu modelo cotián de vida, presidido en gran medida polo culto ó dólar, ó "triumfo" como sexa preciso, está conducindo, mantendo, xerando as maiores cotas de violencia social. Se agora collemo-los organismos internacionais vemos que unha boa parte deles, incluídos os máis importantes, sumíronse nunha rutina bastante incontrolada e desbocada de superprivilexios para os seus membros e achegados, nunha rutina burocrática, clientelar, de dilapidación e bastante corrupta que, para colmo, foi incapaz en Europa, en África, en Asia... de facerlles fronte a moi graves e sangrientos conflitos...).

O segundo desafío da mundialización reside no temor de que o crecemento que esta promove sexa desestabilizador. A crise asiática, ameazando a algunha das economías máis fortes, intensifica estes temores. O problema reside en que se un país queda atrás, a súa situación é bastante peor cá producida pola desestabilización.

Un terceiro desafío concirne á inquietude, entre as nacións máis ricas, de preguntarse se a concorrència internacional non vai supoñer unha nivelación pero por abaixo. A realidade demostra que xusto sucede o contrario, e que o estancamento dos salarios nos EE.UU. e o paro europeo teñen outras causas: os cambios tecnolóxicos, unha mala formación profesional e o avellentamento da forza de traballo<sup>11</sup>.

Sen embargo, as urnas mostran que, cada vez máis, os cidadáns culpan ó comercio e ós investimentos, o que mina a autoridade requirida para achega-los apoios necesarios a Asia e arranxar outras cuestións a escala mundial<sup>12</sup>.

O cuarto desafío da mundialización está ligado ós problemas que se complican coa expansión do comercio, dos investimentos, da tecnoloxía e da comunicación: a degradación da contorna, as enfermidades, os fluxos migratorios, a criminalidade e o terrorismo. A capacidade para facerlles fronte a estes desafíos, trala caída do Muro e a situación posterior á guerra fría, dependerá dunha mellor cooperación internacional.

Sen ningunha dúbida, a mundialización do comercio e dos investimentos reduciu a independencia dos gobernos e fixo menos previsible a existencia de moitos axentes. Pero aqueles que queren levantar barreiras contra o comercio e os investimentos para tratar de atopar-la "perdida independencia de antano" confunden a causa e o efecto.

Ó tratarmos de aumenta-lo nivel de vida, creamos este mundo novo de mercados mundiais e da comunicación instantánea que gañou en eficacia e en competencia, ó supera-los gobernos nacionais. O obxectivo, polo tanto, non reside en privar-los axentes da súa liberdade, pola contra, búscase xusto o oposto: baixar custos, amplia-lo campo de elección, distribuír máis os capitais, abrir novos mercados, é dicir, permitir a cada un decidir sobre o seu destino.

O CDO propón a realización dun cumio mundial que reuniría os países que representan as vellas nacións industriais, as potencias emerxentes e os estados con-

<sup>11</sup> N.T.: Haberá que engadir, no caso do paro europeo, a falta de apoio a unha economía realmente emprendedora, onde se promova realmente ós creadores e redistribuidores de riqueza, e non ós vellos e novos cazadores de renda animados polas subvencións públicas, por novas formas de clientelismo, corrupción... E no caso americano, aínda que aumenta o emprego e o dinamismo económico, mantéñense e aumentan as desigualdades, a exclusión, a fractura social e racial, a violencia urbana, racial, xuvenil, escolar... O país máis rico e poderoso do mundo foi incapaz de aprobar unha lei que garantise o dereito a unha asistencia sanitaria universal, é dicir, completa, para todos, especialmente para os máis pobres, de forma gratuita. Outro tanto sucede cos anciáns máis pobres que se ven privados, por falta de diñeiro, da asistencia en centros, servizos, residencias, complexos que garanten bos servizos e atencións.

<sup>12</sup> N.T.: Cando hai graves problemas sociais sentidos e vividos por amplas maiorías, o poder non queda baleiro senón que poden ocupalo, por medio das urnas, visionarios, fanáticos, populistas, ex-golpistas..., como onte Hitler que gañou as eleccións ou como hoxe Milosevic en Iugoslavia, Chaves en Venezuela..., que tamén as gañaron).

frontados á marxinação. Sería un gran paso para facerlle fronte á mundialización.

As instancias internacionais existentes non están adaptadas á nova situación. O cumio do G8, que reagrupa ós 8 países máis industrializados, vese demasiado limitado na súa representación; o BM e o FMI están demasiado orientados cara a cuestións financeiras.

Son numerosos, nós sabémolo, os que ven neses cumios unha perda de tempo. Este sentimento está en gran parte ligado á cita anual do G8, que comezou a perder sentido hai preto de 10 anos. Sen embargo, outras reunións deron resultado cando trataron asuntos concretos como, por exemplo, en 1994 a reunión de dirixentes da zona Pacífico, que lanzou as negociacións sobre o librecambio.

O cumio que propoñemos nós sería un evento puntual que tería lugar a finais de 1999. Non se trataría dunha negociación, nin substituiría a ningún outro foro.

A diferenza do G8, o *Cumio da mundialización* reuniría países que representarían o mundo enteiro en tódolos niveis de desenvolvemento. A presenza dunha vintena de dirixentes permitiría, á vez, unha ampla participación e unha implicación de cada un no debate.

O programa definitivo sería aprobado polos gobernos participantes. Non obstante, nós propoñemo-la creación dun comité de sabios elixidos polos gobernos, que os someterían a unha orde do día que abordase os catro desafíos esbozados anteriormente.

Non hai receitas salvadoras para enfrontarse á mundialización. As cuestións que suscita son máis difíciles de abordar se os gobernos actúan illadamente, cada un polo seu lado. Un cumio sobre a mundialización non resolvería tódolos problemas, pero a acción colectiva pode constituír un progreso decisivo e xera-la confianza que permita supera-los desafíos máis audaces.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

A continuación incluímos referencias bibliográficas teórico-prácticas, con diversas e contradictorias hipóteses en xogo: de política económica; xestión pública e/ou privada; teoría económica; comercio e economía internacional; relacións e organizacións internacionais; estrutura económica; teoría e prácticas empresariais e de *management*; teoría e prácticas financeiras; teoría e práctica de xogos; análises socioeconómicas, sociolóxicas, socio-históricas, psicosociolóxicas, históricas, xeográficas, estratéxicas, urbanísticas, xurídicas, políticas, antropolóxicas, comparativas... sobre os diversos asuntos e apartados desenvolvidos neste artigo (2ª parte) e no anterior (1ª parte), incluíndo publicacións que tratan sobre Galicia e España, sobre a economía e o nacionalismo, sobre a economía e o rexionalismo, no marco da globalización, da mundialización.

ABDELKADER, S.A.: *Norte-Sur: los grandes desafíos. Teoría y práctica del nuevo orden económico internacional*. FCE.

ADDA, J. (1999): *Globalización de la economía*. Sequitur. (Contén unha ampla bibliografía por seccións: "Orígenes y desafíos"; "Integración y exclusión", "Confrontación y cooperación"...).

AGLIETTA, M. (1978): *L'Occident en désarroi, ruptures d'un système économique*. Dunod. (Traducida ó castelán). (Atopámonos ante un reputado teórico do intervencionismo económico).

AGLIETTA, M. E OUTROS (1987): *Keynesianisme et sortie de crise*. Dunod.

AGLIETTA, M.; BRENDER, A.; COUDERT, V. (1990): *Globalisation financière, l'aventure obligée*. Cepii-Economica.

AGLIETTA, M.; ORLÉAN, A. (1982): *A violence de monnaie*. PUF.

AGUIAR, F. [comp.] (1997): *Intereses individuales y acción colectiva*. Pablo Iglesias. (O compilador inclúe textos de grandes autores: J. Elster, M. Granovetter, M. Taylor, Ch. Tilly, D. Gambetta. Aplicación da teoría dos xogos, que tanto éxito está tendo no campo económico, empresarial e noutros para analiza-lo xogo das estratexias, dos intereses individuais nas múltiples eleccións que teñen lugar no desenvolvemento da acción colectiva nas súas diversas manifestacións: as revolucións, o crime organizado, as folgas, as revoltas, os grupos de interese...).

AGUIAR, F.; MOSCOSO, L. [comp.] (1997): "Teoría y metodología de las revoluciones", *Zona Abierta*, núms. 80-81. (Xa citado no texto incial sobre o "pensamento único", contén unha ampla bibliografía, comentada en moitos casos, sobre analistas clásicos e contemporáneos dese asunto).

ÁGUILA, J. (1998): "Sociomanagement en la economía global", *Harvard-Deusto Business Review*, núm. 85, (xullo-agosto), pp. 64-68. (José Águila é director xeral de IOR Consulting).

AGUILAR, J.M. (1997): *El 0,7% y el diálogo norte-sur*. Dykinson.

AGUILERA KLINK, F.; ALCÁNTARA, V. [comp.] (1994): *De la economía ambiental a la economía ecológica*. FUEM. (Nesta publicación interveñen grandes autores: Pigou, Coase, Solow, Pearce, William Kapp, Martínez Alier, R. Passet, Naredo, etc.).

AGUIRRE, M.; MALGESINI, G. [comp.] (1991): *Misiles o microchips: la conversión de la industria militar en civil*. FUEM.

ALBARRACÍN, J. (1994): *La larga noche neoliberal: políticas económicas de los ochenta*. Icaria.

ALBI, E.; GONZÁLEZ-PÁRAMO, J.M.; LÓPEZ CASANOVAS, G. (1997): *Gestión pública. Fundamentos, técnicas y casos*. Ariel.

ALBIZU, E. (1997): *Flexibilidad laboral y gestión de los recursos humanos*. Ariel. (Eneka Albizu formula a necesidade de desenvolve-la flexibilización nas empresas nos tempos que corren, a relación entre flexibilidade laboral, competitividade e xestión dos recursos humanos. Analízase a flexibilidade laboral nos seus aspectos técnicos, económicos, laborais e sociais e a forma de aplicala).

ALLAIS, M. (1972): *La libéralisation des relations économiques internationales*. Gauthier-Villars. (O francés Maurice Allais foi premio Nobel de economía).

ALTVATER, E.; MANKOPF, B. (1996): *Grenzen der Globalisierung. Ökonomie Ökologie und Politik in der Weltgesellschaft*. Münster: Westfälischer Dampfboot.

- ALVARADO PÉREZ, E. [coord.] (1998): *Retos del estado de bienestar en España a finales de los 90*.
- ÁLVAREZ, T.; CABALLERO, M. (1997): *Vendedores de imagen. Los retos de los nuevos gabinetes de comunicación*. Paidós. (Cómprase analizar cómo os gabinetes de comunicación do neoliberalismo, do antipensamento único... —podríamos bautizalos como os representantes do pensamento xusto, necesario e correcto— venden os seus produtos, imponen os seus símbolos, códigos, iconografía, representacións, imaxinarios..., colocan o seu repertorio nos seus respectivos mercados. Mesmo se dan casos de vendedores do bálsamo antipensamento único que pasaron a vender unguentos neoliberais e, en menor medida, de neoliberais que pasaron a colocar mercadoría do pensamento correcto...).
- ÁLVAREZ-URÍA, F.; GARCÍA SANTESMAS, A.; MUGUERZA, J.; PASTOR, J.; RENDUELES, G.; VARELA, J. [comp.] (1998): *Neoliberalismo versus democracia*. La Piqueta. (Este libro recolle os traballos presentados no Congreso Internacional sobre o Neoliberalismo, celebrado na Facultade de Psicoloxía da Universidade Complutense de Madrid, os días 28 e 29 de novembro de 1996. Unha boa mostra das formulacións das esquerdas españolas universitarias e máis intelectuais "crítica" o "novo" artefacto: "o neoliberalismo", que frustra este sector. Trata múltiples asuntos: ética e política; escola, traballo e igualdade; neoliberalismo, saúde e psiquiatría; nova dereita, racismo e xenofobia; neoliberalismos e políticas sociais; cambios económico-políticos e democracia...).
- AMIN, S. (1991): *El imperio del caos*. (Outro dos "clásicos modernos" do intervencionismo).
- AMNISTÍA INTERNACIONAL (1998): *Principios de derechos humanos para empresas*. Acta 70/1/98/s. (Amnistía Internacional, con este documento, está promovendo que as empresas incorporen ós seus códigos de conducta os dereitos humanos recollidos na Declaración universal de dereitos humanos. Que fagan apoios públicos a esta declaración e auditorías para verificar cómo cumpren a aplicación dos dereitos humanos no seu interior, na súa xestión, estrutura e funcionamento. De dereitos como o compromiso coa comunidade, o dereito a non ser discriminado, a non ser sometido a escravitude, o dereito á saúde e á seguridade, á liberdade de asociación, o dereito á negociación colectiva e a condicións de traballo equitativas... Sobre estes aspectos véxase: *Amnistía Internacional. Revista bimestral para los países de habla hispana*, (agosto-setembro, 1998): "Empresas y derechos humanos. La función de las empresas en la defensa de los derechos humanos", p. 3 —editorial— e pp. 15-18).
- APULEYO MENDOZA, P.; MONTANER, C.A.; VARGAS LLOSA, A. (1999): *Fabricantes de miseria. Los verdaderos causantes de la pobreza en el tercer mundo*. Plaza y Janés. (O colombiano Plinio Apuleyo, o cubano Carlos Alberto Montaner e mailo peruano Álvaro Vargas Llosa, fillo do premio Nobel Vargas Llosa, volven á carga con este libro para defende-lo liberalismo e frustrar ós intervencionistas político-económico-ideolóxicistas, ós que culpan de se-los responsables, coas súas políticas, mitos e mistificacións socioeconómicas, da pobreza no mundo. Este libro continúa o que fixeron anteriormente: *Manual del perfecto idiota latinoamericano... y español*, con prólogo de Mario Vargas Llosa. Plaza y Janés, 1996, seguindo a técnica do panfleto e cun índice que é toda unha declaración de principios: "Retrato de familia; El árbol genealógico; La biblia del idiota; Somos pobres: la culpa es de ellos; El remedio que mata; Crear dos, tres, cien Vietnam; Cuba: un viejo amor ni se olvida ni se deja; El fusil y la sotana; Yanqui, go home; Qué linda es mi bande-

- ra; El idiota tiene amigos; Los diez libros que conmovieron al idiota latinoamericano: *La historia me absolverá*, de Fidel Castro (1953); *Los condenados de la tierra*, de Frantz Fanon (1961); *La guerra de guerrillas*, de Ernesto Che Guevara (1960); *¿Revolución dentro de la revolución?*, de Régis Débray (1967); *Los conceptos elementales del materialismo histórico*, de Marta Harnecker (1969); *El hombre unidimensional*, de Herbert Marcuse (1964); *Para leer el pato Donald*, de Ariel Dorfman e Armand Mattelard (1972); *Dependencia y desarrollo en América Latina*, de Fernando Henrique Cardoso e Enzo Fallete (1969); *Hacia unha teoría de la liberación*, de Gustavo Gutiérrez (1971); *Las venas abiertas de América latina*, de Eduardo Galeano (1971); *Index Expurgatorius Latinoamericanicus*". Este libro dedícanllo á memoria de Carlos Rangel e a Jean François Revel que, segundo eles, combateron sen tregua a idiotéz política a un e o outro lado do Atlántico. Pola súa parte, Mario Vargas Llosa, que leva tamén nas súas colaboracións mediáticas unha campaña en favor do liberalismo, publicou un libro sobre J. M. Arguedas que chamou *La utopía arcaica*, no que o Nobel peruano critica moi duramente o integrista, o fanatismo construído por Arguedas a partir do indixenismo andino, e que podería estenderse a outros moitos casos).
- ARESTIS, P.; PALME, G.; SAWYER, M. [ed.] (1997): *Capital Controversy, Postkeynesian Economics and the History of Economic Thought: Essay in Honour of Geoff Harcourt*. Routledge.
- ARIAS VEIRA, P. (1977): "Notas sobre do problema nacional na Galicia", *Nova Galicia*, pp. 9-53. (Pedro Arias, un dos economistas galegos máis incisivos, que nunca renunciou a colle-las patacas quentes, os temas máis polémicos, neste rigoroso traballo sobre o nacionalismo galego oponse, nun momento histórico no que non era fácil facelo, ás teses do colonialismo tanto interior coma exterior utilizadas para trata-lo caso galego. Pedro Arias tratou tamén sobre este asunto na revista *Materiais*, xa desaparecida, na *Enciclopedia Galega, Diccionario básico de economía de Galicia* etc. Pedro Arias, o autor de *Las 313 Galicias. Guía socioeconómica de los 313 municipios gallegos*, experto en economía rexional e urbana, en socioeconomía..., realizou para institucións públicas e privadas, para a Xunta de Galicia, deputacións, concellos, universidades, televisión autonómica galega e catalana, os xornais galegos, ateneos, empresas públicas e privadas, sindicatos, asociacións de comerciantes, asociacións de autónomos, asociacións culturais e cidadás... numerosos estudos, informes, plans, achegas empíricas sobre diversos aspectos da realidade galega).
- ARGANDOÑA, A. [ed.] (1995): *La dimensión ética de las instituciones y mercados financieros*. Fundación BBV.
- ARRIZABALAO MONTORO, X. [ed.] (1997): *Crisis y ajuste en la economía mundial: implicaciones y significado de las políticas del FMI y del BM*. Síntesis.
- ARROW, J.K.; HAHN, H.F.: *Análisis general competitivo*. FCE.
- ARVISENET, P. D'; PETIT, J.P. (1997): *Echanges et finance internationale*. Banque.
- ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CONTABILIDAD Y ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS (AECA) (1995): *Internacionalización de la empresa: un desafío para el 2000. VIII Congreso AECA*. Sevilla.
- ATKINSON, A.B.; STIGLITZ, J. (1980): *Lectures on Public Economics*. MacGraw-Hill.
- ATTALI, J. (1997): *Dictionnaire du XXIe. siècle*. Fayard. (Este economista francés, que ten unha ampla obra publicada e que foi asesor do presidente Mitterrand, trata neste dicciona-

- rio sobre a economía da información e das novas tecnoloxías, a globalización, a internacionalización da economía, a nova orde económica internacional e o novo tipo de desigualdades... En calquera caso, cómpre saber que este intelectual, investigador e político, ultimamente metido a autor de teatro interpretado polo seu amigo Gerad Depardieu, foi destituído de xeito fulminante do Banco Europeo destinado á reconstrucción dos países do leste, pois gastou máis diñeiro —miles de millóns— en prepara-la sede daquel, con materiais do máximo luxo, ca na axuda ós devanditos países. Reiteradamente insistimos en poñer en relación a ideoloxía proclamada, o proclamado nos discursos, proxectos, programas, políticas... coa práctica real e cos espazos de posición do axente e dos grupos a que este pertence para así tratar de sabe-lo xogo ó que temos que enfrontarnos, ós xogos proclamados, agachados, disimulados... que se traen entre mans).
- AUGÉ, M. (1996): *Hacia una antropología de los mundos contemporáneos*. Gedisa.
- AXELROD, R. (1984): *The Evolution of Cooperation*. Basic Books. (Traducción: *La evolución de la cooperación*. Alianza, 1986).
- AYUBI, N. (1996): *El Islam político: teorías, tradición y rupturas*. Bellaterra. (A análise dunha forma específica de intervencionismo: a teocrática islámica en países que co petróleo adquiriron unha gran repercusión económica, pero que noutros moitos aspectos manteñen situacións medievais, de antigo réxime. A isto, á súa vixencia e rexurdimento, contribuíron tamén as intervencións colonizadoras, procesos "modernizadores" autoritarios, impostos desde arriba e de forma moi inxusta...).
- BADIE, B.; SMOUTS, M.C. (1995): *Le retournement du monde. Sociologie de la scène internationale*. Presses de Sciences Po.
- BADIOU, A. (1997): *Saint Paul, a fondation de l'universalisme*. PUF. (Este prestixioso filósofo ateo, Alain Badiou, fiel do maio do 68, radical e orgulloso de selo, formula, a partir de San Paulo, unha moi interesante reflexión sobre a constitución do universal. Badiou propón que San Paulo e os seus textos demostran como un axente sen identidade propia —nin xudeu, árabe, grego, ario, branco, anglosaxón, protestante, católico, negro, home, muller...—, unicamente constituído pola afirmación da súa crenza e a partir desta, é capaz de estruturala, de plasmala en lei. O moi polémico traballo de Badiou e as teses que defende sinalan que nos textos de San Paulo, debidamente analizados e expurgados, se poden atopar as respostas ás grandes cuestións que se están debatendo na nosa época sobre o universalismo, o comunitarismo, as diferentes formas de identidade e de identificación...).
- BAIROCH, P. (1997): *Victoires et déboires. Histoire économique et sociale du monde du XVIIe. siècle à nos jours*. Gallimard. (Un gran traballo sobre cinco séculos de historia económica no que o autor fai un balance moi positivo da revolución industrial e das súas consecuencias, incluídos os países do terceiro mundo. O autor, cunha ampla e rigorosa erudición, manifesta, ó longo da súa obra, unha gran preocupación polos problemas humanos).
- BALDWIN, P. (1992): *La política de solidaridad social: bases sociales del estado de bienestar europeo, 1875-1975*. Ministerio de Trabajo.
- BARCELÓ, A. (1998): *Economía política radical*, con prólogo de Sutcliffe. Síntesis. (O autor do prólogo sinala que este libro recolle a corrente que se coñece en inglés coa expresión "radical political economics", isto é, "economía política radical". O prologoísta engade que a expresión "political economics" non é unha expresión moi usual no mundo anglófono, senón que é unha proposta totalmente nova formulada por primeira vez a finais da década dos setenta polo grupo de economistas estadounidenses progresistas que formaron a Union of Radical Political Economics (URPE) e que editaron a revista *Review of Radical Political Economics*. As súas ideas resúmense neste libro, que inclúe tamén a achega feminista á economía radical. O "radical" nos EE.UU., sobre todo na época da "caza de bruxas", guerra fría..., ten que ver co marxismo, co socialismo, co comunismo... Nos EE.UU., o termo "liberal" adoita usarse para designa-lo que en Europa se corresponde con "progresista", "progre"...).
- BALASSA, B. (1985): *Change and Challenge in the World Economy*. Macmillan.
- BALLBÉ, M.; PADROS, C. (1997): *Estado competitivo e armonización europea*. Ariel.
- BALLESTEROS, J.; PÉREZ ADÁN, J. (1997): *Sociedad y medio ambiente*. (Serie Medio Ambiente). Trotta. (Obra interdisciplinaria na que interveñen economistas, enxeñeiros, xeógrafos, filósofos e sociólogos, os cales analizan a relación que hai entre cultura moderna e medio ambiente, ecosistemas, contorno natural... Cuestións importantes á hora de aplicar a política económica, de saber con qué criterios se aplica, con qué criterios toma en conta a variable, o valor ecolóxico...).
- BANCO MUNDIAL: *Informe sobre el desarrollo mundial 1996. De la planificación a la economía de mercado*. Banco Mundial.
- BANCO MUNDIAL: *Informe sobre el desarrollo mundial 1997. El estado en un mundo en transformación*. Banco Mundial.
- BANCO MUNDIAL: *Global Development Finance 1997*. Banco Mundial.
- BANCO MUNDIAL: *World Development Indicators 1997*. Banco Mundial.
- BANCO MUNDIAL: *African Development Indicators 1997*. Banco Mundial.
- BARBER, B.R. (1996): *Djihad Versus McWorld*. Desclée de Brower. (Análise das consecuencias da "uniformización globalizadora" a escala macro e microsocia. O rexurdir dos fanatismos, dos integristas...).
- BARBERÁ, S. [ed.] (1995): *Estado y economía. Elementos para un debate*. Fundación BBV.
- BÁRCENA, F. (1997): *El oficio de la ciudadanía. Introducción a la educación política*. Paidós. (Unha boa reflexión de Fernando Bárcena sobre as relacións da educación, o pensamento e a idea do político. Analiza a polémica entre liberais e comunitaristas e, partindo de Hannah Arendt, trata de restablece-los vínculos entre o pensamento e a formación da civilidade, da acción cidadá persoal, dende a virtude cívica, na escena pública).
- BAREA, J. [dir.] (1996): *Escenarios de evolución del gasto público en pensiones y desempleo en el horizonte 2020*. Fundación BBV. (O profesor Barea, que foi o primeiro director da oficina orzamentaria española montada polo Goberno Aznar a imaxe e semellanza do modelo anglosaxón para controla-lo gasto público, é o director deste estudio no que se trata de analiza-la viabilidade do actual sistema de pensións e desemprego en España, e as posibles e necesarias reformas do sistema de Seguridade Social).
- BARENYS, R. E OUTROS (1989): *Jornadas sobre la crisis económica y el estado de bienestar*. Instituto de Estudios Fiscales.
- BARNET, R.J.; CAVANAGH, J. (1995): *Sueños globales: multinacionales y el nuevo orden mundial*. Flor del Viento.
- GALEANO, E.: *Patatas arriba. La escuela del mundo al revés*. Siglo XXI. (Eduardo Galeano, experto tamén en fútbol —asunto que tratamos no artigo anterior verbo da súa importancia como "imaxinario colectivo", como "opio do pobo" e/ou "símbolo da mobilización social dos pobos", do seu "dinamismo político progresista"...— volve á carga na súa loita, denuncia contra o capitalismo opresor, malo, malísimo, horroroso...).
- GALINDO, M.A.A. (1995): *Los bloques económicos: una guía básica de la economía mundial*. ESIC.
- GARCÍA COTARELO, R. (1986): *Del estado de bienestar al estado de malestar: la crisis del estado social y el problema de la legitimidad*. Centro de Estudios Constitucionales.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, D.A. (1998): "Nación e ecoloxía, a favor de economías autocentradadas, semiautárquicas e democráticas", en *Análise Empresarial*, núm. 27, (xaneiro-abril), pp. 113-117.
- GARCÍA MENÉNDEZ, J.R. (1989): *El equilibrio sutil: derrumbe y reformulación del liberalismo político-económico*. Tifón.
- GARCÍA MENÉNDEZ, J.R. (1989): *Política económica y deuda exterior en América latina*. IEPALA.
- GARCÍA MENÉNDEZ, J.R. (1991): "La crisis del paradigma desarrollista en el pensamiento económico latinoamericano", *Estudios en homenaje al profesor Carlos Otero Díaz*. Universidade de Santiago de Compostela.
- GARCÍA MENÉNDEZ, J.R. (1994): "O proceso de globalización fragmentada na economía internacional: neoproteccionismo, "dumping social" e "eco-dumping", en *Revista Galega de Economía*, vol 3, núm. 2, pp. 147-162.

- GARCÍA MENÉNDEZ, J.R. [comp.] (1998): *El desafío neoliberal. Retos, opciones, respuestas*. IEPALA. (En prensa). (O novo e activo profesor-investigador de política económica da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela, José Ramón García Menéndez, é o compilador e introductor desta obra interdisciplinaria na que colaboran prestixiosos analistas e investigadores de varios países).
- GARCÍA MENÉNDEZ, J.R. (1998): "Paul Krugman e os novos enfoques de economía internacional", *Análise Empresarial*, núm. 27, (xaneiro-abril), pp. 95-101.
- GARCÍA NEGRO, M.C. (1995): "Do paradigma da produción ao paradigma da vida, anotacións", en X. Fernández. Leiceaga e outros: *Estudios en Homenaxe ao Profesor Xosé Manuel Beiras Torrado*. Universidade de Santiago de Compostela.
- GARCÍA VOLLA, G. (1995): *Aproximación a la historia del comunismo. Biografía de una frustración*. PPV. (Contén bibliografía, documentos, anexos).
- GATES, B. (1999): *Los negocios de la era digital*. Plaza y Janés. (Bill Gates volve á carga co seu negocio informático. Sobre Bill Gates e a súa empresa publicouse unha crítica terrorífica de Roberto di Cosmo e Dominique Nora, *Le hold-up planétaire. A face cachée de Microsoft*. Calman-Lévy, 1999. Unha boa parte desta obra lanzáara anteriormente, por Internet, o informático Di Cosmo).
- GELLNER, E.: *Encuentros con el nacionalismo*. Alianza.
- GÉNÉREUX, J. (1996): *L'économie politique: analyse économique des choix publics et de la vie politique*. Larousse. (Jacques Généreux analiza os principais textos, correntes da "economía política"; é dicir, a análise económica da política, disciplina que vén dos EE.UU. O autor analiza os textos dos fundadores desta disciplina: Samuelson, Coase, Harsanyi, Rawls, Schumpeter, Sen, Wicksell, Tullock, Arrow, Downs, Kalecki, Nordhaus, Niskanen, Olson. Aínda que exclúe, por exemplo, o importante traballo de Randall Holcombe, autor dunha grande obra sobre a economía do poder titulada *The Economic Foundation of Government*. Cada texto presenta unha ampla documentación e análise crítica. O autor, con bo criterio —na miña opinión— mostra que "o economista é bastante incapaz e non debe decidi-lo que é "bo", ou "malo", "xusto", ou "inxusto". No mellor dos casos debería limitarse, unicamente, a dar informes, asesoramento, consellos deste teor: "Se vostede quere alcanzar ese obxectivo, sería necesario face-lo seguinte...". Asesoramentos, consellos, informes, dictames... que sexan sempre rigorosos, empíricos, comprometidos coa verdade).
- GERSHUNY, J.I.; MILES, I.D. (1998): *La nueva economía de servicios. La transformación del empleo en las sociedades industriales*. Ministerio de Trabajo. (Contén teorías sobre o cambio estrutural, a innovación social e os servicios. Analiza a relación entre as novas tecnoloxías e o emprego nos servicios, os servicios actuais e futuros... Contén bibliografía).
- GEORGE, S. (1990): *La trampa de la deuda: tercer mundo y dependencia*. FUHEM.
- GIDDENS, A.: *Consecuencias de la modernidad*. Alianza.
- GIDDENS, A. (1996): *Más allá de la izquierda y la derecha: el futuro de las políticas radicales*. Cátedra. (Pequena obra de grande interese para romper tópicos sobre a política de "esquerdas" e "dereitas").
- GIDDENS, A. (1997): *Modernidad e identidad del yo: el yo y la sociedad de la época contemporánea*. Península.
- GIDDENS, A. (1999): *La tercera vía: la renovación de la socialdemocracia*. Taurus. (Un dos principais asesores do primeiro ministro inglés Blair, director da London School of

- Economics and Political Science, explica neste traballo a terceira vía que, segundo el, está creando, está aplicando o goberno de Blair coa súa política de "centro radical" como alternativa ó neoliberalismo salvaxe e ó intervencionismo trasnoitado. Sobre este autor é o debate entre o intervencionismo e o liberalismo en materia económica..., véxase: "Liberais e intervencionistas puros, brandos, duros... en Europa e o mundo", *Revista Galega de Economía*, vol. 7, núm. 1, (1998), pp. 311-352.
- GIL, S.; LORIO, A.; MALGESINI, G. [comp.] (1994): *Comercio alternativo y solidaridad*. Fundación Hogar del Empleado (FUHEM).
- GILBERT, P.; GREGORY, P. [ed.] (1994): *Nations, Cultures and Markets*. Avebury.
- GINER, S.; SARASA, S. [ed.] (1997): *Buen gobierno y política social*. Ariel.
- GIRAUD, P.N. (1996): *L'inégalité du monde. Economie du monde contemporaine*. Gallimard/Folio. (O autor, Pierre Noël Giraud, prognostica para o século XXI o despegue da China e da India e o crecemento das desigualdades no interior dos países ricos).
- GOMÁ, R.; BRUGUÉ, J. [ed.] (1998): *Gobiernos locales y políticas públicas. Bienestar social, promoción económica y territorio*. (Presentación de Josep M<sup>a</sup> Vallés, da Universida de Autònoma de Barcelona). Ariel.
- GOMÁ, R.; BRUGUÉ, J. [ed.] (1998): *Políticas públicas en España*. Ariel.
- GÓMEZ, J.L.; ÁLVAREZ CORBACHO, J. [ed.] (1994): *Estrategias para Galicia*. La Voz de Galicia/Caixa Galicia. (J.L. Gómez é director de *La Voz de Galicia*).
- GÓMEZ OLIVER, A.: *Desarrollo financiero y crecimiento económico*. FCE.
- GÓMEZ URANGA, M.; SÁNCHEZ PADRÓN, M.; PUERTA, E. DE LA [comp.] (1992): *El cambio tecnológico hacia el nuevo milenio: debates y nuevas tecnologías*. FUHEM.
- GOODMAN, G.J.W. (1989): "Adam Smith" (escribe con este pseudónimo), *Los locos años ochenta: el mito del enriquecimiento y la competencia*. Grijalbo.
- GONZÁLEZ CALVEL, J. (1996): "Converxencia, unión monetaria e estado de benestar en España", *A Trabe de Ouro*, núm. 28, (outubro-décembro), pp. 533-543.
- GONZÁLEZ LAXE, F. (1996): "Galicia fronte á globalización, á rivalidade interterritorial", *Galicia en Clave Económica*, núm. 2, (décembro), pp. 93-114.
- GONZÁLEZ PÁRAMO, J.M. (1994): *Crecimiento económico, política pública y distribución de la renta*. Madrid: Universidad Complutense de Madrid, Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales.
- GONZÁLEZ PINO, L. (1995): *Crisis y recuperación económica, 1990-1995*. Edieuro.
- GONZÁLEZ TEMPRANO, A.; TORRES VILLANUEVA, E. (1992): *El estado de bienestar en los países de la OCDE*. Ministerio de Trabajo.
- GOUGH, I. (1982): *Economía política del estado de bienestar*. Blume.
- GRAY, J. (1993): *Post-Liberalism: Studies in Political Thought*. Routledge.
- GRAY, J. (1994): *Liberalismo*. Alianza.
- GRAY, J. (1998): *Postrimerías e inicios. Ideas para un cambio de época*. Sequitur.
- GRAU MORANDO, R. (1994): *Crisis del estado de bienestar*. Trivium.
- GREISING, D. (1999): *David Goizueta. El hombre que consiguió que todo el mundo beba Coca-Cola*. Gestión 2000. (Houbo sectores que bautizaron a globalización como Coca-colonización dominante. Outros foron máis alá e denominárona Coca-MacDonald-Disneyización dominantes, ó que se podería engadir Microsoft-dominación e bastantes produtos "imaxinarios" máis, que se impuxeron internacionalmente. Régis Debray, unha vez que Francia xa non é o que era cultural e intelectualmente, é un dos intelectuais franceses que renova o seu antiamericanismo e ve na cultura popular norteamericana un dos

- grandes e novos males do mundo, o do imperialismo cultural e vital cotián que "triumfa" global, mundialmente...).
- GRENN, D.G. (1982): *The Welfare State for Risk of for Poor?*. The Institute of Economic Affairs.
- GRIAL, t. XXXVI, núm. 138, (abril-xuño, 1998): "O nacionalismo hoxe", con artigos de: K.J. Nagel, R. Máiz, X. Beramendi, J. Álvarez Junco, X.M. Núñez Seijas, entrevista a Borja de Riquer...).
- GRILLI, V.; GIORGIO, G. DI (1997): *Integración financiera y monetaria europea*. Fundación BBV.
- GROUPE INTERNACIONAL DE POLITIQUE ÉCONOMIQUE DE L'OFCE (1994): *Pour l'emploi et a cohésion sociale*. Presses de Sciences Po. (O terceiro informe do Grupo Internacional da Política Económica do Observatorio Francés das Conxunturas Económicas non se resigna a optar entre a pobreza e o paro, e presenta vías para facer posible a cohesión social. Obxectivo que, segundo eles, non é incompatible nin co progreso técnico nin co establecemento dun salario mínimo).
- GUAL, J. [coord.] (1996): *El reto social de crear empleo*. Ariel.
- GRIFFIN, K.B.: *Desigualdad internacional y pobreza nacional*. FCE.
- GUERRERO JIMÉNEZ, D. (1996): *Estado de bienestar y redistribución de la renta nacional en España*. Madrid: Universidad Complutense de Madrid, Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales.
- GUIBERNAU, M. (1996): *Los nacionalismos*. Ariel. (Este libro escrito por Montserrat Guibernau foi enxalzado por Ernes Gellner: "é unha excelente contribución á literatura sobre o nacionalismo... Unha análise minuciosa, perspicaz e relevante dos tratamentos previos que o nacionalismo recibiu na teoría social—dentro de varias disciplinas—, e dos erros que neles se cometeron". Analiza, entre outras cosas: "El futuro de las naciones sin Estado en la Unión Europea"; "Globalización, modernidad e identidad nacional. Globalización y cultura. Globalización e identidad nacional"; "El futuro del nacionalismo"...).
- HABERMAS, J. (1990): *The New Conservatism: Cultural Criticism and the Historians Debate*. Cambridge: The MIT Press.
- HALLBERG, G. (1997): *Todos los consumidores no son iguales. La estrategia del marketing diferencial para conseguir la fidelidad de los consumidores a las marcas*. Deusto. (As formas de venda, de captación e mantemento dos consumidores, dos diferentes segmentos, cotas de mercado... están avanzando moito, desenvolvéndose unha barbaridade. E o concepto de marca, produto, campaña... aplícase, tamén, ás ideoloxías, políticas e políticos, imaxinarios, conceptos, técnicas, métodos, teorías económicas, de management, etc.).
- HAMEL, G.; PRAHALAD, C.K. (1995): *Comptiendo por el futuro*. Paidós.
- HAQ, K.; KIRDAR, U. [comp.]: *Desarrollo humano, ajuste y crecimiento*. FCE.
- HARRIS, D. (1990): *La justificación del estado de bienestar: la nueva derecha "versus" la vieja izquierda*. Instituto de Estudios Fiscales.
- HARRIS, R. (1989): *Más allá del estado de bienestar*. Instituto de Estudios Económicos.
- HARVEY, D.: *Los límites del capitalismo y la teoría marxista*. FCE.
- HAVEL, V. (1997): *Il est permis d'espérer*. Calmann-Lévy. (O gran presidente checo Vaclav Havel en 12 textos analiza a nova globalidade e cáles deben se-las actitudes dos axentes. Sinala qué debemos facer fronte a unha civilización global para o cal di: "Creo que é absolutamente necesario comprender de novo e articular dunha maneira inédita a experien-

- cia espiritual esencial e fundadora do home"; "a humanidade sabe que, de agora en adiante, só un novo tipo de responsabilidade global pode salvarla. Só lle falta un pequeno detalle: asumir verdadeiramente esa responsabilidade"....).
- HAVEMAN, R.: *Un análisis del gasto y las políticas gubernamentales*. FCE.
- HAWKING, S.; POPPER, K.; OCHOA, S.; PENROSE, R.; GRISOLÍA, S.; MARINA, J.A.; MONTAIGNER, L. E OUTROS (1996): *Tecnología, hombre y ciencia*. Fundación Universidad-Empresa.
- HEGOA (1996): *Bajo el mismo techo, para comprender un mundo global*. Pamplona.
- HELD, D. (1997): *La democracia y el orden global. Del estado moderno al gobierno cosmopolita*. Paidós.
- HENRIQUE CARDOSO, F. (1997): "Estado, comunidad y sociedad en el desarrollo social", *Revista de la CEPAL*, núm. 62, (agosto). (Traballo do presidente de Brasil, o sociólogo Fernando Henrique Cardoso).
- HERCE, J.A. (1996): *Protección social y competitividad: el caso español*. Fundación BBV. (Análise da relación entre as cargas sociais que soportan as empresas españolas e a súa competitividade).
- HICKS, J.R.: *Riqueza y bienestar. Ensayos sobre la teoría económica*. FCE.
- HICKS, J.R.: *Clásicos y modernos. Ensayos sobre teoría económica*. FCE.
- HIDALGO, D.: *Europa: globalización y Unión Monetaria*. (Diego Hidalgo neste traballo fai un amplo e claro repaso ás teses sobre a globalización e opina que a unión monetaria non só non resolverá os problemas económicos de desemprego, avellentamento... que debe afrontar Europa, senón que podería empeoralos. Hidalgo sinala que "en España, o 90% das reformas estruturais, necesarias para a economía, están aínda por facer" e "que carecemos de prospectiva").
- HIDALGO, D. (1996): *El futuro de España*. Taurus. (Diego Hidalgo, vinculado á Universidade de Harvard e á City University de Nova York, dá numerosos e interesantes datos comparativos de España. Para 1999 anuncia o traballo *El futuro de Europa*).
- HILFERDING, R. (1985): *El capital financiero*. (Presentación a cargo de Julio Segura). Tecnos.
- HILLIEN, B. (1996): *The Macroeconomic Debate: Models of the Closed and Open Economy*. Oxford: Blackwell.
- HIRSCH, J. (1997): "¿Qué es la globalización?", *Realidad Económica. Revista del Instituto Argentino de Desarrollo Económico*, núm. 142, (abril-maio), pp. 7-18.
- HIRSCHMAN, A.O. (1967): *Monetarismo vs. estructuralismo*. Río de Janeiro: Lidador.
- HIRSCHMAN, A.O. (1996): *Enfoques alternativos sobre la sociedad de mercado, y otros ensayos recientes*. FCE.
- HIRSCHMAN, A.O. (1997): *De la economía a la política y más allá. Ensayos de penetración y superación de fronteras*. FCE.
- HOBSON, J.M. (1997): *The Wealth of States: A Comparative Sociology of International Economic and Political Change*. Cambridge University Press.
- HOEKMAN, B. (1995): *The Political Economy of the World Trading System: From GATT to WTO*. Oxford University Press.
- HOLLANDER, P. (1992): *Anti-Americanism: Critiques at Home and Abroad, 1965-1990*. Oxford University Press.
- HOWELLS, J.; WOOD, M. (1993): *The Globalisation of Production and Technology*. London: Belhaven Press.

- HUNTINGTON, S.M. (1997): *El choque de civilizaciones y la reconfiguración del orden mundial*. Paidós. (O novo paradigma sobre o "choque de civilizacións" baseadas nas grandes relixións do mundo, lanzado primeiramente na revista *Foreign Affairs* por Samuel Huntington, membro dun importante tanque de pensamento do establishment americano —a Olin Foundation— e que veu substituír no mercado das polémicas ó que anteriormente lanzara Fukuyama sobre o concepto hegeliano do "final da historia").
- IAZZETTA, O. (1996): *Las privatizaciones en Brasil y Argentina: una aproximación desde la técnica y la política*. Rosario: Homo Sapiens.
- Información Comercial Española*, núm. 772, (xullo-agosto, 1998): "Privatizaciones". (Sobre as "privatizacións e a desregulación da economía, etc.", inclúe artigos do ministro Rato, Gaspar Ariño, Álvaro Cuervo, Pampillon, García de Enterría, R. Ribas, P. Durá, M.T. del Val, A. Peralta). ICE.
- Información Comercial Española*, núm. 775, (decembro, 1998-xaneiro, 1999): "Política de la competencia, globalización y cambio tecnológico". (Inclúe, entre outros, os artigos de Luis de Gindos: "Defensa de la competencia, globalización y cambio tecnológico"; do secretario de estado de Economía e Facenda, Cristóbal Montoro: "La política de competencia en España: un nuevo enfoque"; A. Schaub: "Globalización y política de la competencia"; Cristina Alcaide: "Detección y persecución de los cárteles internacionales"; C. Teijelo: "Comercio y competencia: ¿hasta dónde puede llegar la Organización Mundial del Comercio-OMC?"; I.M. Kirzner: "Los objetivos de la política antitrust: una crítica").
- INTERMON (1995): *Para entender el mundo*. Octaedro. (Unha gran ONG fai un informe sobre a nova orde mundial).
- IPMARK (*Información de Publicidad y Marketing*): "Publicidad y marketing para el tercer milenio", núm. 493, (outubro, 1997).
- ITZHAK, N.; SWARY, A.; BARRY, N.; TOPF, A.: *La desregulación financiera global*. FCE.
- JACOBS, M. (1996): *La economía verde. Medio ambiente, desarrollo sostenible y la política do futuro*. FUHEM.
- JACQUART, A. (1997): *Aviso a la economía triunfante. Grito contra los dogmas del economicismo*. Publicações Europa-América.
- JOIN-LAMBERT, M.T.; BOLOT-GITTLER, A.; DANIEL, CH.; LENOIR, D.; MÉDA, D. (1997): *Politiques sociales*. Presses de Sciences Po.
- JONES, E.L. (1997): *Crecimiento recurrente. El cambio económico en la historia mundial*. Alianza.
- JONES, J. (1998): *Habilidades de liderazgo para una nueva era*. Paidós. (Jenifer Jones é coñecida como a Margaret Mead da empresa moderna. Esta antropóloga fai unha análise do líder en relación cos desafíos do século XXI).
- JORDÁN RODRÍGUEZ, M. (1994): "Novas formas de internacionalización do capital", *Revista Galega de Economía*, vol. 3, núm. 1, pp. 113-130.
- JOY MCFARLAND, L.; SENN, L.E.; CHILDRESS, J.R. (1996): *Liderazgos para el siglo XX. Diálogos con 100 destacadas personalidades*. McGraw Hill.
- KANBUR, R. (1999): *The Futur of Multilateral Aid*. ODC.
- KEATING, M. (1996): *Naciones contra el Estado*. Ariel. (Analízanse os novos nacionalismos pro-autodeterminación, casos como os de Escocia, Quebec e Cataluña, no contexto internacional de fin de século, de grandes tratados internacionais como o de libre comercio de América do Norte, Unión Europea...).

- KENNEDY, P. (1995): *Hacia el siglo XXI. Estudio de las fuerzras y tendencias que definirán el nuevo siglo*. Plaza y Janés.
- KEPEL, G. [dir.] (1995): *Las políticas de Dios*. Anaya/Muchnik. (O autor de *La revancha de Dios* analiza nesta obra colectiva o intervencionismo relixioso na política, as políticas teocráticas, fundamentalistas...).
- KEPEL, G. (1995): *Al oeste de Alá: la penetración del Islam en Occidente*. Paidós. (É ben significativo que, sendo os EE.UU. o símbolo do liberalismo, onde están os principais abandeirados das forzas do mercado, da liberdade económica, sexa á vez un dos países onde as forzas de Deus nas súas múltiples versións e mercados teñan unha gran forza pública, social, política, económica, empresarial, cultural... Un país, tamén, que presenta o maior número de crentes por habitante, o maior número de igrexas, o maior número de sectas que, coas novas tecnoloxías da comunicación, están adquirindo unha gran forza e repercusión (e bastantes delas derivando a un fanatismo, integrista perigoso, violento). Nos EE.UU. o Islam vén tendo un gran desenvolvemento e impacto político, ideolóxico, social...).
- KHAN, J.F. (1995): *La pensée unique*. Fayard.
- KINDLEBERGER, P.CH. (1968): *Comercio exterior y economía mundial*. Aguilar.
- KINDLEBERGER, P.CH. [ed.] (1971): *The International Corporation: A Symposium*. MIT Press.
- KINDLEBERGER, P.CH. (1985): *La crisis económica, 1929-1939*. Crítica.
- KINDLEBERGER, P.CH. (1985): *Keynesianism vs. Monetarism and Other Essays in Financial History*. G. Allen and Unwin.
- KINDLEBERGER, P.CH. (1988): *Historia financiera de Europa*. Crítica.
- KINDLEBERGER, P.CH. (1991): *Manías, pánicos y cracs: historia de las crisis financieras*. Ariel.
- KINDLEBERGER, P.CH. (1988): *The International Economic Order: Essays on Financial Crisis and International Public Goods*. Harvester University. (Traducción en Crítica, 1992).
- KINDLEBERGER, P.CH. (1992): *Economic Laws and Economy History*. Cambridge University Press. (Traducción en Crítica.).
- KINDLEBERGER, P.CH. (1998): *Economic and Financial Crises and Transformations in Sixteenth-Century Europa*. Princeton University Press, International Finance Section.
- KRASNER, S.D. (1985): *Structural Conflict: The Third World Against Global Liberalism*. Berkeley University California.
- KRAUSE, D.G. (1997): *El arte de la guerra para ejecutivos. El texto clásico de Sun Tzu adaptado al mundo de hoy*. Edaf. (A xeoestraxia militar e os seus grandes teóricos —Clausewitch, Sun Tzu, etc.— levan bastante tempo aplicándose á economía, á empresa, ós negocios... "A economía sería a arte da guerra por outros medios". Agora, tamén se di do fútbol, dos deportes, dos xogos olímpicos...).
- KRUGMAN, P. (1995): *El internacionalismo "moderno". La economía internacional y las mentiras de la competitividad*. Crítica.
- KUNG, H. (1995): *Proyecto de una ética mundial*. Trotta. (O gran teólogo alemán Hans Kung, que interveu durante o curso 1995-1996 en Santiago de Compostela nas conferencias de personalidades internacionais durante a celebración do V centenario desta universidade, describe neste traballo o proxecto dunha ética mundial, o que discutiu e aprobou en Italia o Parlamento das relixións do mundo).

- KUNG, H.; KUSCHEL, K.J. [ed.] (1996): *Hacia unha ética mundial. Declaración del Parlamento de las religiones del mundo*. Trotta.
- KURAN, T. (1990): "Private and Public Preferences", *Economics and Philosophy*, núm. 6, (abril), pp. 1-26.
- KYMLICKA, W. (1995): *Filosofía política contemporánea*. Ariel. (Neste traballo analízanse criticamente as "teorías de xustiza e de comunidade": o utilitarismo, a igualdade liberal, Dworkin e a igualdade de recursos, a política da igualdade liberal, a liberdade e o capitalismo, o libertarismo, as medidas políticas do liberalismo, o feminismo, o Estado e a sociedade civil, os razoamentos, os conceptos morais, o individualismo liberal e a neutralidade do Estado... Estúdiáanse, tamén, diferentes sistemas de impartir xustiza (ou inxustiza) non transcurso da historia: liberalismo, marxismo, comunismo, comunitarismo...).
- LACORNE, D. (1997): *La crise de l'identité américaine. Du melting-pot au multi-culturalisme*. Fayard. (Análise da crise de identidade americana que sofren os EE.UU. cos estoupidos dos integristas de dereita e esquerda, o forte enfrontamento entre os grupos étnicos, a violencia urbana, racial, relixiosa, económica, social e cotiá...).
- LAFAY, G.; SIROËN, J.M. (1994): *Maîtriser le libre-échange*. Economica.
- LAFONTAINE, O.; MÜLLER, CH. (1998): *No hay que tener miedo a la globalización. Bienestar y trabajo para todos*. Biblioteca Nueva. (Por se cadra, o chanceler alemán Schröder "largouno" rapidísimamente do seu posto todopoderoso de ministro de Finanzas e Economía de Alemaña, para que a ese país non lle pasase o que lle pasou no seu día a Mitterrand cos seus experimentos de política económica de esquerdas que deron lugar a paro, a maiores déficit, desvalorizacións e perda de competitividade da economía francesa. Neste libro, que Lafontaine escribiu coa súa muller, propón as vellas receitas da esquerda socialdemócrata intervencionista...).
- LANG, T.; HINES, C. (1996): *El nuevo proteccionismo*. Paidós. (Os autores Tim Lang e Colin Hines afirman que o que se entende por libre comercio no mundo actual é un "comercio sen normas". Fronte a este, defenden o "novo proteccionismo" que se preocupa non do futuro duns poucos, que é o que ofrece o libre comercio e/ou o proteccionismo á vella usanza, senón do futuro de todos).
- LAPORTA, F.R.; ÁLVAREZ, S. [ed.] (1997): *La corrupción política*. Alianza.
- LATOUCHE, S. (1998): *Les dangers du marché planétaire*. Presses de Science Po. (Serge Latouche, catedrático de economía da Universidade París XI, é un dos principais fundadores e animadores do Movemento Anti-utilitarista nas Ciencias Sociais (MAUSS). Latouche denuncia que a "mercantilización"-"*marchandisation*" do mundo destrúe o estado-nación, baleira a política da súa substancia, supón unha gran ameaza para a contorna, corrompe a ética e destrúe as culturas).
- LAZZERI, CH.; REYNIË, D. (1999): *Politiques de l'intérêt*. PUF. (Interesante traballo que recolle diferentes achegas sobre o papel do interese, dos intereses no mundo socioeconómico, político... a escala macro e microsocia, pasando revista a múltiples autores: Maquiavelo, A Rochefoucauld, Hobbes, Rousseau Spinoza, Montaigne, Montesquieu, Sade, Mandeville: "Os vicios privados fan o beneficio público"-*A fábula das abellas*... Véxase, neste sentido, ó grande autor Giovanni Botero (1540-1617), autor da monumental obra *Della ragione di stato* (Venise, 1599). Botero recoméndalle ó señor, ó príncipe, que cando a economía estea en crise debe reforza-los lazos de dependencia dos seus servos para que as súas pequenas mellorías sexan sempre agradecidas por estes, para que estes mani-

- festen o seu recoñecemento para cos gobernantes que se preocupan deles, e desta maneira reforcen os seus lazos de obediencia. Neste sentido, Botero recoméndalle ó príncipe que manteña os servos entretidos en traballos varios, "co fin de que se apliquen ó cultivo e labor das súas terras, se afeccionen a iso, e que por esta vía se preocupen moito menos do goberno e do señorío...").
- LE CORRE, PH. (1997): *Après Hongkong. Chinois et cosmopolite. Un pays, deux systèmes? Autrement.*
- LE GLOANNEC, A.M. [dir.] (1998): *Entre union et nation, l'État en Europe.* Presses de Sciences Po.
- Las Lecturas de El Trimestre Económico.* (Deste suplemento, colección editorial da importante revista económica mexicana *El Trimestre Económico*, sinalámo-las seguintes publicacións: núm. 6, A.O. Hirschman, *Ensayos sobre desarrollo y América latina*; núm. 9, J.K. Arrow e outro, *Lecturas sobre economía del bienestar*, 2 vol.; núm. 55, S. Méndez, *La crisis internacional y el desarrollo de América latina*; núm. 56, H. Jaguaribe, *El nuevo orden económico internacional*; núm. 60, J.A. Ocampo, *Economía postkeynesiana*; núm. 65, A. Fozley, M.S. McPherson, G. O'Donnell, *Democracia, desarrollo y el reto de traspasar fronteras. Ensayos en homenaje a Albert O. Hirschman*; núm. 71, O. Sunkel, *El desarrollo desde dentro. Un enfoque neoestructuralista para América latina*; núm. 74, D.S. Brothers, L. Solís, *México en busca de una nueva estrategia de desarrollo*; núm. 75, R. Dornbush, S. Edwards, *Macroeconomía del populismo*; núm. 77, J. Ros, *La edad de plomo del desarrollo latinoamericano*; núm. 88, N. Lustig, *El desafío de la austeridad. Pobreza y desigualdad en América latina*).
- LEGER SIVARD, R. (1993): *El planeta en la encrucijada: gastos militares, sociale y crisis ecológica.* FUHEM.
- LEGER SIVARD, R. (1996): *Gastos militares y sociales en el mundo.* FUHEM.
- LEMOINE, F. (1994): *La nouvelle économie chinoise.* La Découverte.
- LÉONARD, J. (1997): *Les mouvements internationaux de capitaux.* Economica.
- LEONARD, J. [ed.] (1998): *Innovation, croissance et travail.* (Prefacio de Raimond Barre). (2º coll. de Lyon, 25-26 abril 1997). PUG.
- LEPAGE, H.: *Mañana, el liberalismo.* Espasa Calpe. (Un dos primeiros "novos economistas" franceses que nos anos 60-70 se enfrontan ás teorías marxistas, estructuralistas..., moi fortes nesa época).
- LINDBECK, A. (1987): *The Advanced Welfare State.*
- LINDBECK, A.; NYBERG, S.; WEIBULL, J.W. (1996): *Social Norms, the Welfare State, and Voting.* Estocolmo: Institute for International Economic Studies.
- LINDERT, P. (1994): *Economía internacional.* Ariel.
- LIPIETZ, A. (1997): *Elegir la audacia: una alternativa para el siglo XXI.* Trotta.
- Lire*, núm. 273, (marzo, 1999). (A coñecida revista francesa de libros destina neste número un amplo espacio a trata-lo problema da mundialización no campo do libro, da literatura: "Enquête: vers la mondialisation du livre? Faut-il avoir peur de la mondialisation? Pregúntanse se a carreira cara ós best-sellers conducirá á estandarización do libro. A irrupción de Internet, con librerías virtuais como Amazon e outras, revolucionou o mercado do libro. Á vez, o hipertexto e as posibilidades que ofrece Internet supoñen novos desafíos para o campo da creación e da publicación).
- LÓPEZ-SUEVOS, R. (1981): *Las teorías dualistas del crecimiento económico.* Coímbra.

- LÓPEZ-SUEVOS, R. (1985): "Crecemento, desenvolvemento económico e benestar social", *Agalia*, núm. 1, pp. 5-30.
- LÓPEZ-SUEVOS, R. (1990): *O outro desenvolvemento.* Novo Século.
- LÓPEZ-SUEVOS, R. (1992): "Schumpeter e a teoría do empresario", *Análise Empresarial*, núm. 15, pp. 39-43.
- LÓPEZ-SUEVOS, R. (1992): *Socialismo y mercado, notas de economía política.* Laivento.
- LOUAPRE, E.; SALVADOR, A. (1997): *L'incroyable métamorphose de Chine.* L'Harmattan.
- LÖWY, M. (1992): *On Changing the World.* Humanities Press.
- LUCAS MARÍN, A. (1995): *La participación en el trabajo. El futuro del trabajo humano.* Lumen.
- LUHMANN, N.: *Teoría política en el estado de bienestar.* Alianza.
- MAAREK, PH. (1997): *Marketing político y comunicación. Claves para una buena información política.* Paidós. (Philippe Maarek analiza como a "comunicación global" e a mercadotecnia política poden servirles ós responsables da cousa pública para vende-lo seu produto nas campañas electorais, mellora-la súa imaxe, aumenta-la súa popularidade...).
- MACLAGAN, P. (1998): *Management and Morality. A Developmental Perspective.* Sage.
- MACRIDIS, R.C.; HULLIUNG, M. (1998): *Las ideologías políticas contemporáneas.* Alianza.
- MADDISON, A.: *Dos crisis: América latina y Asia. 1929-1938 y 1973-1983.* FCE.
- MADDISON, A.: *La economía mundial en el siglo XX.* FCE.
- MADDISON, A.: *La economía política de la pobreza, la equidad y el crecimiento: Brasil y México.* FCE.
- MADDISON, A. (1992): *Las fases del desarrollo capitalista. Una historia económica cuantitativa.* FCE. (Título orixinal: *Dinamic Forces in Capitalist Development. A Longrun Comparative View.* Oxford University Press, 1991).
- MAFFESOLI, M. (1988): *Le temps des tribus. Le déclin de l'individualisme dans les sociétés de masse.* París: Méridiens KI. (Traducción: *El tiempo de las tribus.* Icaria, 1990).
- MALGESINI, G. [comp.] (1998): *Cruzando fronteras. Migraciones en el sistema mundial.* FUHEM.
- MANIÈRE, PH. (1998): *Le aveuglement français, le libéralisme contre le régression sociale.* Stock. (O autor Philippe Manière sinala que Francia, fronte ó "estatismo dominante de dereita e de esquerda, que se preocupa por mante-los seus privilexios e que non pode facerlles fronte ós problemas e desafíos que presenta a nova situación mundial, ten no liberalismo "solucións non ultras, nin radicais", para os seus problemas, incluídos os sociais").
- MANKIW, G. (1998): *Principes de l'économie.* Economica. (Título orixinal: *Principles of Economics*). (O prestixioso economista americano Gregory Mankiw, profesor de Harvard, nesta grande obra de preto de 1000 páxinas, de gran claridade e moi pedagóxica, sinala: "A ciencia económica asocia as virtudes da política ás da ciencia... Ó abordar cuestións políticas con espírito científico, a ciencia económica trata de darlles resposta ás cuestións fundamentais que preocupan a tódalas sociedades"...).
- MANKIW, G.; ROMER, D. [ed.] (1993): *New Keynesian Economics.* The MIT Press.
- MARCO, L. [dir.] (1997): *Les revues d'économie en France, (1751-1994).* L'Harmattan.
- MARTIN, H.P.; SCHUMANN, H. (1998): *A trampa de la globalización: el ataque contra la democracia y el bienestar.* Taurus.
- MARTÍN SECO, J.F. (1995): *La farsa neoliberal: refutación de los liberales que se creen libertarios.* Temas de Hoy. (Economista de Izquierda Unida, que antes pertencceu ó PSOE).

Neste libro ataca con dureza o "neoliberalismo". IU, cos seus dirixentes á fronte, promoveu manifestacións presididas polos seus principais líderes: Anguita, Romero... co lema "contra o neoliberalismo..." e plenos municipais para "condena-lo neoliberalismo" para, ante a "ofensiva fundamentalista da dereita", declarar municipios nos que teñen maioría "libres do neoliberalismo...". O concello de El Borge trasladou ós 850 electores a seguinte pregunta: "¿Está usted a favor de la humanidad o del neoliberalismo? Ponga una X en la opción elegida". O documento co que o alcalde José Antonio Ponce, de Izquierda Unida, convocaba os veciños para loitar contra o neoliberalismo acababa da seguinte maneira: "Todos a favor de la humanidad. Derrotemos al neoliberalismo". O concello ten 5 concelleiros de IU e 4 do PSOE. Tódolos edís deron o si á realización dese referendo. O concello de El Borge foi un dos que recolleu a proposta lanzada polos zapatistas, na aldea La Realidad da selva Lacandona, de convocar referenda contra o neoliberalismo. Antonio Romero, coordinador andaluz de IU, xustificaba esta campaña dicindo: "Ante tanta agresión al público, ante la ofensiva de privatizarlo todo, ante el desmantelamiento del estado de bienestar, hay que tener coraje para que la brecha entre ricos y pobres no siga aumentando. Andalucía tiene que responder al neoliberalismo que ha inspirado tanto los Presupuestos Generales del Estado como los andaluces". O referendo en El Borge pecharía unha semana de charlas, etc., ás que foron invitados Nicolás Redondo, Marcelino Camacho, o Nobel da Paz Pérez Esquivel e o escritor uruguaio Mario Benedetti. O alcalde eufórico declarou: "Somos el primer pueblo de Europa y del mundo que celebra una elección de estas características".

MARTINIELLO, M. (1997): *Sortir des ghettos culturels*. Presses de Science Po. (Marco Martiniello, profesor de ciencia política na Universidade de Liexa e director do Centro de Estudio das Migracións e da Etnicidade (CEDEM) da mesma Universidade, formúlase a pregunta de se é posible unha cidadanía multicultural nas democracias europeas e norteamericanas. Este libro foi traducido en 1998 pola editorial Bellaterra).

MARTÍNEZ, BOBILLO, A. (1995): *Empresas multinacionales, estructura organizativa y función financiera*. Universidad de Valladolid.

MARTÍNEZ DE VELASCO, L. (1988): *Ideología liberal y crisis del capitalismo: contribución a una economía crítica*. Orígenes.

MATTICK, P. (1972): *Marx et Keynes, les limites de l'économie mixte*. Gallimard.

MAZOYER, M.; ROUDART, L. (1998): *Histoire des agricultures du monde. Du néolithique à a crise contemporaine*. Seuil. (A agricultura é un dos cabalos de batalla da globalización, sobre a cal se levan a cabo diferentes políticas proteccionistas en Europa, EE.UU..., diferentes estratexias político-ideolóxicas, caciquís, multinacionais, comerciais..., e que ten repercusións en múltiples campos: político, económico, ecolóxico, cultural, vivencial, de identificación... Unha polémica de gran repercusión internacional tivo lugar en Suíza, coa proposta política consistente en defender pequenas e típicas propiedades agrícolas suízas, consideradas por diferentes sectores como símbolos fundamentais e irrenunciabes da nación. O que tamén sucedeu con marcas francesas de viño, que os xaponeses querían adquirir; e con pequenas explotacións rurais, municipios rurais, que unha parte dos franceses consideran como unha parte irrenunciable da súa personalidade, paisaxe vital, idiosincrasia...).

MEADOWCROFF, J. [ed.] (1996): *The Liberal Political Tradition: Contemporary Reappraisals*. Ward Elgar.

MEEK, R.L. (1997): *Smith, Marx, and After: Ten Essays in the Development of Economic Thought*. Cgapan and Hall.

MEIDINGER, CL. [dir.] (1983): *La nouvelle économie libéral*. PFNSP.

MEIXIDE, A. [comp.] (1988): *El mercado de trabajo y la estructura salarial*. Ministerio de Trabajo.

MELTZER, A.H. (1990): *Keynes's Monetary Theory: A Different Interpretation*. Cambridge University Press.

MÉNDEZ, R. (1997): *Geografía económica. La lógica espacial del capitalismo global*. Ariel.

MENDUS, S. (1989): *Toleration and the Limits of Liberalism*. McMillan.

MÉNY, Y.; THOENIG, J.C. (1992): *Las políticas públicas*. Ariel. (Neste libro analízanse as políticas públicas en relación co "Welfare State" (o estado de benestar), co seu desenvolvemento, coa súa quebra, co seu cuestionamento; estúdase o neocorporativismo, as "políticas de oferta e demanda", a análise comparativa, a corrupción, a "caixa negra"...).

MERKEL, W. [ed.]: *Entre la modernidad y el postmaterialismo. La socialdemocracia europea a finales del siglo XX*. Alianza.

MERLE, M.: *Sociología de las relaciones internacionales*. Alianza.

MÉSZAROS, I. (1998): "The Uncontrollability of Globalizing", *Monthly Review*, vol. 49, (febreiro), pp. 27-30.

MEYERS, W. (1994): *Los creadores de imagen*. Paidós.

MIGUÉLEZ, F.; PRIETO, C. [ed.] (1999): *Las relaciones de empleo en España. Siglo XXI*.

MILIBAND, R. (1983): *Class Power and State Power*. Londres: Verso.

MILIBAND, R. (1997): *Socialismo para una época de escepticismo*. Sistema.

MILIBAND, R.; PANITCH, L.; SAVILLE, J. [ed.] (1992): *El neoconservadurismo en Gran Bretaña y EE.UU.: retórica y realidad*. Alfons el Magnànim.

MILL, J.S. (1996): *Liberalismo y socialismo*. Pirámide.

MILLER, D. (1997): *Sobre la nacionalidad. Autodeterminación y pluralismo cultural*. Paidós. (O autor defende a identidade nacional como base da identidade persoal e, polo tanto, o principio de autodeterminación. Defende-la identidade nacionalista non implica, para o autor, opoñerse a outras formas de identidade e converter aquela en algo que se impoña a priori, que haxa que impoñer, que quede á marxe do control social. Miller oponse firmemente a esta concepción fundamentalista, teocrática da nacionalidade...).

MILLER, D.; WALZER, M. (1995): *Pluralism, justice and equality*. Oxford University Press.

MILLER, H.: *¿No basta enfrentarse a la deuda? La crisis de la deuda internacional y los países del Banco Mundial y el Fondo Monetario Internacional*. FCE

MILNER, H. (1997): *Social Democracy and Rational Choice: The Scandinavian Experience and Beyond*. London: Routledge.

MINC, A. (1997): *La mondialisation hereuse*. Plon.

MINSBURG, N. (1997): "América latina ante la globalización y transnacionalización de la economía", *Realidad Económica*, núm. 151, (outubro-novembro), pp. 148-159.

MINSBURG, N.; VALLE, H.W. (1996): *El impacto de la globalización. La encrucijada económica del siglo XXI*. Letra Buena.

MINSKY, H.P.: *Las razones de Keynes*. FCE.

MISHRA, B. (1990): *Society and Social Policy: Theories and Practice of Welfare*. McMillan.

- MOCHÓN, F. (1990): *Vigencia de las ideas keynesianas*. Universidad de Málaga.
- MONCADA, A. (1995): *La zozobra del milenio*. Espasa Calpe.
- MONTES, P. (1996): *El desorden neoliberal*. Trotta.
- MONTIEL, L. [coord.] (1993): *La salud en el estado de bienestar*. Universidad Complutense de Madrid.
- MORAL SANTÍN, J.A.; ROMÁN, M. (1994): *Demanda efectiva, competencia y crédito: ensayos sobre economía postkeynesiana*. Trotta.
- MORÁN, M.L.; ACCOTTO, A.I. (1998): "¿Hacia unha sociología mundial? Reflexiones desde la periferia con Inmanuel Wallerstein y otros", *Zona Abierta*, núm. 82/83.
- MOREAU DEFARGES, PH. (1998): *Un mundo injerencias*. Bellaterra.
- MORITA, A. (1993): "O retorno do país das maravillas: por que non espero unha recuperación global", *Análise Empresarial*, núm. 17, (xaneiro-abril), pp. 11-13.
- MOSCOSO, L.; BABIANO, J. [comp.] (1997): *Ciclos en economía y economía*. Pablo Iglesias. (Análizase a relación que hai entre os ciclos longos da economía e os conflitos sociais e internacionais que se dan neses períodos, a posible relación de causa e efecto; os fallos da teoría deses ciclos...).
- MUÑOZ, S.; GARCÍA DELGADO, J.L.; GONZÁLEZ SEARA, L. [dir.] (1997): *Las estructuras del bienestar*. Civitas.
- MUÑOZ DE BUSTILLO, R. E OUTROS (1993): *Crisis y futuro del estado de bienestar*. Alianza.
- MUNS, J. (1977): *Organismos económicos internacionales: documentos constitutivos*. CECA.
- MYRDAL, G.: *Teoría económica y regiones subdesarrolladas*. FCE.
- MYRDAL, G.: *Solidaridad o desintegración*. FCE.
- NACIONES UNIDAS: *Estudio económico y social mundial 1997. Tendencias y políticas en la economía mundial*. Naciones Unidas.
- NACIONES UNIDAS: *Informe sobre la situación social en el mundo 1997*. Naciones Unidas.
- NADAL, J.; CARRERAS, A.; SUDRIÁ, C. [comp.] (1994): *La economía española en el siglo XX*. Ariel.
- NADAL, J.; CATALÁN, J. [ed.]: *La cara oculta de la industrialización española. La modernización de los sectores no líderes (siglos XIX y XX)*. Alianza.
- NALEBUFF, B.J.; BRADENBURGER, A.M. (1997): *Coopetición*. Díaz de Santos. (Estamos estudiando dúas hipóteses de acción económica que en moitos aspectos son antagónicas: a liberal e a intervencionista. Pois ben, neste traballo proponse unha xestión que combina a competición coa cooperación. Para iso aplícase a teoría dos xogos, a cal se explica de forma moi sinxela e accesible, con fáciles exemplos).
- NAVARRO, V. (1997): *Neoliberalismo y estado del bienestar*. Ariel. (Viçens Navarro, catalán, profesor de políticas públicas, estudos políticos e socioloxía da Johns Hopkins University, é un dos principais defensores en España e fóra de España das políticas intervencionistas, crítico acérrimo do neoliberalismo. Trata, entre outros, os seguintes temas: "EE.UU, la economía está en forma "excelente" pero la gente está muy insatisfecha"; "La euroescleroris versus dinamismo en EE.UU."; "El problema mayor de la Unión Europea: la ausencia de un espacio social europeo"; "Es la globalización económica y la tecnoloxización del trabajo la causa del paro"; "La globalización mundial de la economía"; "Los países del sureste asiático"... Navarro colaborou co grupo que asesorou a Hillary Clinton no seu fracasado intento de crear unha saúde pública que chegase minimamente a tódolos americanos).

- NAVARRO, V. E OUTROS (1997): *Salud pública*. McGraw Hill Interamericana.
- NEAL, M. (1998): *The Culture Factor: Cross-National Management and the Foreign Venture*. McMillan.
- NIETO, A. (1997): *Corrupción en la España democrática*. Ariel. (O catedrático da Universidade Complutense, autor de *La organización del desgobierno* y *La nueva organización del desgobierno*, fai unha análise lúcida do grave problema da corrupción en España. Sobre este problema publicáronse varios dicionarios da corrupción, como por exemplo: E. Martín de Pozuelo, J. Bordás, S. Tarín, *Guía de la corrupción*. Plaza y Janés, 1994; M. Miralles, *Dinero sucio. Diccionario de la corrupción en España*. Temas de Hoy, 1992; J.M. Irujo, J. Mendoza, *Comisión ilegal. Negocios y sobornos al amparo del Estado*. Temas de Hoy, 1995; J. Díaz Herrera, I. Durán, *Pacto de silencio. El saqueo de España II. La herencia socialista que oculta Aznar*. Temas de Hoy, 1996).
- NIETO DE ALBA, U. (1996): *Ética de gobierno, economía y corrupción*. Complutense. (Ubaldo Nieto é o presidente do Tribunal de Contas de España, e a finais de abril de 1999 declaraba nunha intervención informativa no Parlamento español que en España é urxente poñer en marcha unha lei que regule todo o amplo e complexo mundo das subvencións públicas, pois a vixente lexislación española presenta múltiples lagoas e posibilidades para o apaño, o clientelismo...).
- NORTH, D. (1978): *El nacimiento del mundo occidental. Una nueva historia económica. Siglo XXI*. (Douglas North, premio Nobel de Economía, con brillantez e rigor fai unha dura crítica ó intervencionismo político-politicoeiro na economía. Véxase, tamén neste sentido, o traballo do latinoamericano Carlos A. Sabino: *El fracaso del intervencionismo*).
- NUENO, J.L. (1998): *El consumidor al filo del siglo XXI*. Foro Internacional da Alimentación, Alimentaria 98. Barcelona. (Importante estudio que recolle as tendencias dos consumidores ó final do século XX).
- OBSERVATOIRE GÉOPOLITIQUE DES DROGUES (1996): *Atlas mondial des drogues*. PUF. (O Observatorio Xeopolítico das Drogas, organización non-gubernamental francesa que realiza informes, estudos... sobre o grave problema das drogas e o seu tráfico, publicou este *Atlas mundial das drogas* coa axuda da Comunidade Europea e da Fondation de France. Os autores chaman a atención sobre a perigosa globalización do tráfico de drogas e sobre a gran forza dos narcotraficantes. O que tamén denunciou o Grupo de Nacións Unidas de loita contra o tráfico de drogas no seu informe de 1997, e outros).
- OCDE (1997): *Cohesion sociale et mondialisation de l'economie. Ce que l'avenir nous réserve*. OCDE.
- OCDE (1997): *La política de competencia en la economía global: una perspectiva latinoamericana*. OCDE.
- OCDE (1998): *Pour l'ouverture des marchés, les avantages de la libéralisation des échanges et de l'investissement*. OCDE.
- OFFE, CL.: *Contradicciones en el estado de bienestar*. Alianza.
- OHMAE, K. (1991): *El poder de la triada: las nuevas reglas de competencia mundial*. McGraw Hill.
- OHMAE, K. (1995): *The End of the Nation State*. (O economista xaponés, Kenichi Ohmae, ensaísta prolífico, especialista na nova economía mundial, neste libro *A fin do estado nación*, que os franceses traduciron como *Do estado nación ós estados rexionais* (Dunod, 1996) e en español *El despliegue de las economías regionales: oportunidades y desafío*

- empresarial (Deusto, 1996) —é moi significativo que tanto en Francia coma en España se cambiara o título orixinal por outros máis doces...—, sinala que, por riba dos 5000 dólares por cabeza, os pobos se volven ingobernables. Con esta renda, os cidadáns séntense moito máis membros do sistema económico planetario. Capitalismo mundial para o que, segundo este economista, os estados nación non están adaptados. Este economista di, tamén, que ó mesmo tempo que están en declive os estados nación, emerxen rexións poderosas como Padania, Cataluña, Baviera, China meridional, Shutoken —rexión xaponesa que ocuparía a terceira posición económica do mundo tralos EE.UU. e Alemaña—, Hong Kong e outras. Estas rexións estanse convertendo en actores de primeira magnitude a escala internacional. Sobre Europa di: "Europa, no mundo máis desenvolvido, posúe a máis rica e densa tradición rexional. Nun mundo sen fronteiras, Europa podería apoiarse nesta herdanza e conseguir grandes beneficios. En lugar de facelo, organizouse en sentido completamente contrario co fin de destruír esa tradición".
- OIT (1996): *El empleo en el mundo 1996/1997. Las políticas nacionales en la era de la mundialización*. OIT.
- OIT, (1997): *El trabajo en el mundo 1997-1998. Relaciones laborales, democracia y cohesión social*. Ginebra: OIT.
- OIT (1998): *The Sex Sector*. OIT. (A OIT, neste informe sobre "os fundamentos económicos e sociais da prostitución en Asia do sueste", chama a atención sobre o aumento da prostitución e, sobre todo, da prostitución infantil e de menores en países que fixeron desta desprezable lacra unha importante "forza de riqueza". O tráfico sexual, de armas, drogas, produtos nucleares, emigrantes ilegais... adquire nova forza co desenvolvemento de grandes, de vellas e novas mafias, no marco da globalización económica, a caída do Muro... Autores xa citados como Manuel Castells falan xa de "economía global criminal", outros de "narcorréximes e de réximes influídos, coaccionados polo diñeiro do narcotráfico", outros de "capitalismo mafioso", "capitalismo de cómplices", "capitalismo de ladróns"...).
- OLSON, M. (1971): *The Logic of Collective Action: Public Goods and the Theory of Groups*. 2ª ed. Harvard University Press. (Hai tradución ó español deste traballo considerado un "clásico").
- ONTIVEROS, E. (1997): *Sin orden ni concierto: medio siglo de relaciones monetarias internacionales*. Fundación Caixa Galicia, Escuela de Finanzas Aplicadas.
- ORSI, V. (1995): *Escenarios y percepciones*. Belgrano.
- ORSI, V. e OUTROS (1993): *¿Quién teme a la sociedad abierta?* Belgrano.
- OTT, A.F.; HARTLEY, K. [comp.] (1991): *Privatization and Economic Efficiency. A Comparative Analysis of Developed and Developing Countries*. Vermont: Elgar. (Análise das privatizacións desde un punto de vista conceptual e de casos concretos: EE.UU., Gran Bretaña, países subdesenvolvidos e de planificación central... Algunha das conclusións que tiran dos seus estudos empíricos son as seguintes: 1) o sector privado é máis eficiente có público na produción de bens e servizos; 2) o mercado privado competitivo xeralmente proporciona servizos de rutina máis baratos ca un departamento gobernamental; 3) unha maior participación do sector privado incrementa a cantidade e diversidade dos servizos ofrecidos...).
- OVEJERO, F. (1994): *Mercado, ética y economía*. (Colección Economía Crítica). FUHEM/Icaria.

- PALAZUELOS, E. (1998): *La globalización financiera. La internacionalización del capital a finales del siglo XX*. Síntesis. Paliwoda, S.J. [ed.] (1992): *New Perspectives on International Marketing*. London: Rutledge.
- PAMPILLON, R. (1995): *Economía mundial: temas y casos prácticos*. Universitas.
- PANT, D. (1998): *Institutions et politiques commerciales internationales: du GATT à l'OMC*. A. Colin.
- PARSONS, W. (1997): *Keynes and the Quest for a Moral Science*. Edward Elgar.
